Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2019 11:55:40

Antón Sánchez García na data 30/01/2019 11:55:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** conforme ao escrito desa Mesa con número 13845 polo que se solicita a **reformulación da Proposición non de lei en Pleno, doc. 44908**, adxúntase o presente escrito coa requerida reformulación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar aos grupos parlamentarios da Cámara a seguinte documentación:”, ficando o resto do apartado 1 da parte resolutiva exactamente igual que figura na devandita iniciativa.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/02/2019 17:51:15





Antón Sánchez García na data 13/02/2019 17:51:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao mantemento dos postos de traballo que Vodafone ten en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incremento da liberalización do sector das telecomunicacións e, como consecuencia, a sucesiva modificación da cualificación do mesmo, que pasou de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este sector entre outras cuestións na destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

Un claro exemplo é a empresa Vodafone, que ven de presentar un ERE o 24 de xaneiro, o terceiro en seis anos que vai afectar a nivel do Estado a 1200 traballadores/as arredor do 25% do seu cadro de persoal, e en Galiza entre o 23 e 25%.

Mais unha vez unha empresa multinacional que ten beneficios usa os instrumentos que puxo á súa disposición as reformas laborais contra @s traballadores/as, con despedimentos, explotación, sobrecarga de traballo.

Diante desta pretensión o Goberno galego non pode ficar indiferente, debe actuar, sobor de todo tendo en conta que ten contratos de subministro de servizos con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta empresa, e está moi avanzado un proxecto para o despregue de alta velocidade, do que xa se fixo o estudo.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Desenvolver diante da empresa cantas xestións sexan necesarias para garantir o mantemento dos postos de traballo que a empresa Vodafone ten en Galiza.
2. Que faga valer o contrato de subministro de servizos e que ten con Vodafone, e o proxecto para o despregue de alta velocidade no que teoricamente tamén vai participar esta empresa, para garantir o mantemento dos postos de traballo que ten en Galiza.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 18:34:25

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 18:34:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 18:34:35

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 18:34:37

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 18:34:38

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 18:34:39



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a situación na que se atopan os bombeiros da cidade de Ourense.

Exposición de motivos:

Unha das facianas da seguridade pública é a configuración dun sistema de protección da poboación ante toda caste de incidentes, emerxencias, catástrofes ou calamidades públicas. Trátase de evitar, reducir ou corrixir os danos que estes poidan ocasionar ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente, e aí, as administracións teñen que xogar un papel esencial.

É urxente que en Galicia, que tanto sofre polos incendios, as administracións, tanto autonómicas como locais, coiden ao persoal dedicado ás emerxencias, pois xóganse a vida desempeñando o seu traballo. Isto non sucede así no Concello de Ourense, onde o Corpo de Bombeiros se ve ninguneado e denuncia que o Concello ignora as súas peticións en relación a unhas condicións laborais dignas e necesarias e que repercuten no ben xeral da cidadanía.

Os bombeiros do Concello de Ourense levan medio ano reclamando unha solución para súa situación, reivindicando unha serie de cuestións referentes á falta de persoal, á negativa a convocar ofertas públicas de emprego, á falta de inversión de 1.300.000 euros dos fondos da UNESPA, o que conleva escaseza de material, a ausencia de formación e a necesidade da comarcalización.

Ante esta situación, tres bombeiros decidiron iniciar unha folga de fame durante tres días, dende o 4 ata o 6 de febreiro, diante do Concello, para denunciar a súa





situación e instar ao Concello a poñerlle unha solución dialogada, pois o Corpo de Bombeiros precisa máis efectivos para poder realizar a súa labor con dignidade e seguridade, polo que tomaron esta medida de presión sobre o goberno municipal para que cumpra os seus compromisos e poña en valor o servizo de Bombeiros de Ourense.

En relación ao persoal, no ano 2000 eran 72 bombeiros, mentres que no 2018 eran tan so 52. Actualmente, a media de idade dos bombeiros do parque de Ourense ronda os 50 anos. Dende o ano 2011 non houbo novas incorporacións, mais alá de sete prazas de cabo. Teñen 17 prazas vacantes segundo a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, e non se convocan ofertas de emprego para poñerlle solución, o que provoca situacións perigosas como as acontecidas no verán, onde so seis persoas están de servizo: unha encargada da sala de comunicacións, outros dous son mandos, e tres persoas para traballar.

O déficit de persoal no servizo de bombeiros de Ourense é un mal crónico dos últimos anos. Ourense ten a metade de bombeiros que a rateo recomendada por Europa, pois hai 52 no servizo municipal, estando a cobertura moi por debaixo dos 80 efectivos recomendables segundo os profesionais e moi afastada da cifra ideal que establecen a Unión Europea e a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, que aconsellan un profesional por cada 1000 habitantes. A falta de efectivos no Corpo provoca falta de organización no servizo, pois non poden formarse, que é algo básico, nin desfrutar dos seus días libres. Non piden aumentos salariais, senón organización do servizo, medios e efectivos.

Os bombeiros tamén reclaman a comarcalización do servizo, que afectaría a 15 concellos (máis da metade da provincia), o que suporía a redución do tempo estimado de resposta ante calquera incidencia neses concellos limítrofes, que se estima nuns vinte minutos como máximo. Ademais, dotaría ao parque de Ourense, segundo estimacións, con 15 ou 20 prazas máis de bombeiros.





A comarcalización dos servizos de bombeiros xa se estaba preparando o ano pasado, onde a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e a FEGAMP mantiveron diversos encontros, tamén con representantes de todos os concellos implicados, sen chegar a facerse inda efectiva.

De producirse a comarcalización, o parque de bombeiros da cidade atendería aproximadamente a 47.000 persoas, aparte da veciñanza da cidade. Recibirían atención directa Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, Paderne de Allariz, A Peroxa, Taboadela, Toén e Vilamarín, e Esgos, Maceda, A Merca, Nogueira de Ramuín, Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas terían o servizo de forma complementaria.

As previsións que a Xunta manexaba eran que a finais de 2018 o servizo estivera totalmente en marcha. Luís Menor chegara a afirmar, o pasado ano, que a falta de persoal, recoñecida pola propia administración, era o que impedía que se puidera poñer a medida en marcha inmediatamente. Alfonso Rueda tamén comentara, a mediados do ano pasado, que a comarcalización do parque de bombeiros de Ourense era cuestión de vontades, asegurando que era unha moi boa solución, que optimizaba recursos públicos e promovía unha mellora substancial para moitas persoas que non tiñan un servizo garantido. A día de hoxe, o problema segue sen estar solucionado.

En relación ao material os bombeiros reclaman unha inversión que, actualmente está parada, sen que saiban o motivo, de 1,3 millóns de euros en material e equipamento procedentes da Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras (UNESPA).

Debido a esta situación co financiamento, traballan nunha precariedade material absoluta, sen o equipamento axeitado ou en mal estado de conservación. É dicir, sen os medios adecuados para o correcto desenvolvemento do seu traballo. Aseguran que teñen vehículos de vinte anos, e os máis novos, de 14, comezan a





ter avarías. Non están preparados para facer fronte a intervencións acuáticas porque teñen os escafpíns e o neopreno rotos, non teñen luvas, etc.

Aseguran que as súas reivindicacións non son só polos bombeiros, senón que o máis importante é a seguridade da cidadanía, pois como bombeiros saben o que pode pasar se sucede algo grave, saben que a cidade precisa un corpo de bombeiros que poida traballar, con recursos humanos e materiais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Mediar para buscar unha solución, entre todas as partes implicadas no conflito do servizo de bombeiros de Ourense, instando ao Concello a dialogar co colectivo.
2. Instar ao Concello á cobertura das vacantes da RPT, mediante a convocatoria dunha oferta pública de emprego.
3. Instar ao organismo competente para o desbloqueo dos fondos da UNESPA, que permitan solventar as fallas materiais requiridas.
4. Velar polo cumprimento do PLADIGA, o PLATERGA, e os diversos plan de emerxencias.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira





Carmen Santos Queiruga

Deputado, deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/02/2019 19:56:49

Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 19:56:56

Carmen Santos Queiruga na data 07/02/2019 19:57:02



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, en relación á mellora das condicións de vida das persoas xordocegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordocegas son un colectivo numeroso e invisible no noso País e no resto do Estado.

A Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, define a estas persoas con discapacidade deste xeito: “persoas con xordocegueira: Son aquelas persoas cunha deterioración combinada da vista e oído que dificulta o seu acceso á información, á comunicación e á mobilidade. Esta discapacidade afecta gravemente as habilidades diarias necesarias para unha vida minimamente autónoma, require servizos especializados, persoal especificamente formado para a súa atención e métodos especiais de comunicación.” Xa se recoñece, polo tanto, que é unha discapacidade singular e o gran impacto que ten para autonomía persoal e a necesidade de apoios específicos. A falta de comunicación é o problema principal.

Existe un gran grupo de persoas que se poderían catalogar como xordocegas, moitas delas persoas maiores, xa que na terceira idade é moi frecuente a perda auditiva e visual, sendo un 60% das persoas xordocegas maiores de 65 anos. Polo





tanto, unha poboación avellentada ten máis necesidades de apoio ás persoas xordocegas.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle os dereitos das persoas con diversidade funcional, entre os que se atopan as persoas con discapacidade auditiva e visual, para as que non existe a plena integración na sociedade en diversas situacións cotiás, tan fundamentais e habituais como acudir aos servizos sanitarios ou aos supermercados.

43.200 persoas segundo o último censo de discapacidade de 2017 teñen discapacidade sensocial en Galiza. Este censo de 2017 indica que no noso País hai 26.037 con discapacidade auditiva e 23.655 con discapacidade visual. Sen embargo, estes datos son moi dubidosos, porque non hai aínda un censo específico sobre a afección da xordocegueira. De feito, a Lei 27/2007, na Disposición Adicional Sexta, establece a necesidade de realizar un estudo no que se determine o número de persoas con xordocegueira.

Para a elaboración do censo é indispensable a colaboración das Comunidades Autónomas, e implica recoñecer a xordocegueira como discapacidade única, tal e como se aprobou no Senado, cunha moción a iniciativa do grupo de Unidos Podemos-En Común Podem-En Marea. Deste xeito, a Comisión 5ª do Parlamento de Galiza, a raíz dunha PNL de En Marea, transaccionada co PsdG, adoptou o seguinte acordo:

1. Colaborar co Goberno do Estado para a realización dun censo efectivo e real das persoas xordocegas.





2. Dirixirse ao Goberno do Estado para regular, en colaboración coas entidades sociais, a aplicación de todos os produtos dun sistema de identificación en sistema braille que indique o contido do produto, así como a instalación de códigos e lectores dos mesmos que indiquen mediante sons de que produtos se trata."

Ratifícase así o consenso na necesidade de avanzar no censo de persoas xordocegas e a necesidade de buscar mecanismos que permitan a autonomía persoal destas persoas para a adquisición de produtos.

Sen embargo, o grupo do PP votou en contra das medidas da PNL de En Marea que propoñían avanzar na accesibilidade universal no Sergas, situación que é especialmente lesiva para os dereitos e benestar destas persoas, así como das persoas xordas e das persoas cegas.

As persoas con discapacidade sensorial teñen dereito a ser atendidas no sistema sanitario en igualdade de condicións ao resto da poboación, pero a falta de accesibilidade universal neste eido xera situacións de ansiedade e mesmo diagnósticos e tratamentos erróneos.

O artigo 19. c) da Ley 27/2007, de 23 de outubro, por la que se reconocen las lenguas de signos españolas y se regulan los medios de apoyo a la comunicación oral de las personas sordas, con discapacidad auditiva y sordociegas, establece que “as Administracións sanitarias promoverán os medios de apoio á comunicación oral dos usuarios que o precisen naqueles centros sanitarios que atendan a persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas”.

O SERGAS ten servizos de videointerpretación para persoas xordas pero non en todo o sistema e non as 24 horas. Así mesmo, a Xunta ten un sistema de





videointerpretación en lingua de signos para o acceso ao 012, que canaliza todas as consultas de información xeral que a cidadanía dirixe á Administración, pero o servizo só funciona de 8:00 h a 20:00 h en días laborables, igual que o acceso ao 112, do cal só se dispón dende 2018. Tamén se dispón de servizos de intérpretes pero de xeito parcial, en colaboración con entidades do terceiro sector.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dispor de servizos de interpretación e acompañamento para as persoas con discapacidade sensorial no SERGAS, de xeito que se garanta no sistema galego de saúde a accesibilidade universal as 24 h todos os días do ano.
2. Garantir interpretación áxil e doada de lingua de signos nos servizos de emerxencia e nos sistemas de comunicación con estes as 24h todos os días do ano.
3. Impulsar a formación do persoal de emerxencias en linguaxe de signos.
4. Impulsar protocolos específicos de detección precoz da xordocegueira en Atención Primaria.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/02/2019 20:36:04

Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 20:36:12



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Raúl Fernández Fernández e Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

En 1991, no Diario Oficial de Galicia número 197, do 11 de outubro, saíu publicado o Decreto 322/1991, do 4 de outubro, polo que se declara de utilidade pública e interese social a urxente execución da concentración parcelaria da zona de Santa Marta de Vilvestro II, no concello de Santiago de Compostela.

Pese a estar declarada como urxente, non foi ata o DOG núm. 240, do 10 de decembro de 2009, que se publicou a Resolución do 11 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural, pola que se anuncia a aprobación das bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Vilvestro II-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela.

Transcorridos mais de 25 anos dende o inicio da concentración parcelaria esta aínda non rematou. Debido a esa situación, os e as propietarias dos terreos non poden reiniciar as actividades vinculadas ao monte como cultivar e producir.

Ademais, existe o agravante de que esa zona é considerada como de alta actividade incendiaria segundo o Pladiga e, en consecuencia, require unha especial atención e vixilancia. A dificultade de acceso a algunhas das parcelas da zona, dificulta, ou incluso imposibilita, o acceso de maquinaria. Iso aumenta as posibilidades de incendio, debido a dificultade de retirar a biomasa forestal, e perden a capacidade produtiva da terra.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que remate o proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Vilvestro, do concello de Santiago de Compostela, iniciado no ano 1991 e coas bases definitivas aprobadas desde 2009.

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2019 09:25:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2019 09:25:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 13 de abril de 2007, publicábase no Diario Oficial de Galicia a Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións sindicais e empresariais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei dirixida a mellorar a calidade de vida das mulleres e ampliar os límites da democracia. Unha iniciativa que partiu da base de que a metade da poboación, as mulleres, cada día están máis formadas culturalmente, máis cualificadas profesionalmente e máis decididas a participar en igualdade no sectores produtivos. E que, pola contra, son as que sofren prexuízos relacionados coas súas responsabilidades dentro e fóra do centro de traballo.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a mulleres e homes imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

Porque nelas recaen na meirande parte dos casos as obrigas familiares que dan lugar ao que se denomina xornada interminable. Así mesmo, a visión negativa e falsa de que a maternidade supón unha baixa produtividade e absentismo laboral. De aí o teito de cristal que impide na práctica que as traballadoras accedan a postos de responsabilidade e decisión e, polo tanto, de maior retribución e status profesional.

Desde o Grupo Socialista entendemos que a igualdade salarial resulta crucial nas políticas de igualdade, dado que o abarca todo nesta política: segregación de espazos, repartición do tempo, valor asignado ao traballo e identidade de xénero. E tamén porque a superación da fenda salarial entre homes e mulleres está directamente condicionada polas políticas económicas, produtivas, de emprego, educativas e sociais nas que estas se inscriben.



A desigualdade salarial supón que as mulleres na nosa comunidade autónoma sexan vítimas dunha intolerable fenda salarial. Con datos de 2016, os últimos valores dispoñibles da Enquisa Anual de Estrutura Salarial publicada polo INE en data 29 de maio de 2018, o salario medio anual das traballadoras galegas é de un 23,05 % inferior ao dos homes. En Galicia a ganancia anual dos homes é de 23.774,21 € mentres que a das mulleres é de 18.294,47 €. Hai, polo tanto, unha diferenza de retribución de 5.479,74€ nas retribucións entre homes e mulleres. Aumentando esta fenda salarial con respecto a 2015 no que a diferenza se situaba en 5.096,50 € anuais, cobrando as mulleres un 21,98 % menos que os homes.

Desde o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferencias nas condicións de traballo e, en particular, na remuneración entre homes e mulleres.

Tendo en conta os obxectivos recollidos na actual lexislación vixente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar as seguintes medidas:

1º) Xeneralizar a aprobación e aplicación dos plans de igualdade para as empresas e institucións previstos na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, de igualdade efectiva entre homes e mulleres, establecendo a redución da fenda salarial como primeiro obxectivo dos devanditos plans.

2º) Actuar contra a segregación horizontal nas empresas mediante a revisión dos grupos profesionais e dos complementos salariais aplicables, para evitar que sexan discriminatorios respecto do sexo.

3º) Actuar contra a segregación vertical, establecendo un sistema de cotas obrigatorios nos consellos de administración das grandes empresas, a través de plans a longo prazo, co obxecto de lograr unha representación equilibrada das mulleres e homes.

4º) Presentar anualmente un informe con motivo da conmemoración do Día Internacional pola Igualdade Salarial, para dar conta da execución e avaliación das medidas adoptadas, facilitando estatísticas salariais desagregadas por sexos.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2019 10:41:34

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2019 10:41:45

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2019 10:41:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2019 10:42:03



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.

Falamos dunha área extensa, con núcleos de poboación moi espallados, que comprende zonas de montaña (O Courel) e estradas en malas condicións.

Unha área de máis de 40.000 persoas que teñen como referencia o Hospital comarcal de Monforte, só conta con 3 ambulancias do 061 operativas por quenda e non dispón de ambulancia medicalizada.

Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida.

Aínda que se cumpran as rateos de poboación por ambulancia recomendadas pola OMS, non se cumpren as isócronas, dado que hai zonas que distan da ambulancia moito máis de 15 minutos. Por outra parte, aumenta cada ano o número de





servizos do 061, polo envellecemento da poboación e o asentamento de varias residencias de maiores na zona, que demandan habitualmente o servizo.

A necesidade dunha ambulancia medicalizada é unha reclamación realizada por parte do persoal técnico do 061 ante a Xunta, sen que esta dera resposta. Dende En Marea temos realizado emendas aos Orzamentos solicitando esta dotación, nunca atendidas.

A ambulancia medicalizada permite unha intervención máis rápida en urxencias como as paradas cardiorespiratorias, nas que o tempo de intervención é vital.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dotar con urxencia o distrito sanitario do sur de Lugo dunha ambulancia de soporte vital básico con base en Monforte, de xeito que existan 4 ambulancias operativas por quenda.
2. Dotar, a maiores, o distrito sanitario do sur de Lugo cunha ambulancia medicalizada.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Deputadas do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/02/2019 11:07:58

Eva Solla Fernández na data 08/02/2019 11:08:05

Luis Villares Naveira na data 08/02/2019 11:08:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos retos de futuro para Galiza é combater a consolidación da pobreza, unha tarefa que non acaba de ser compatíbel coas decisións políticas aplicadas na última década polo Partido Popular na Xunta de Galiza e no Estado e coas promesas incumpridas respecto do marco laboral por parte do goberno de Pedro Sánchez.

Un dos obxectivos retóricos do Plan Estratéxico vixente é reducir en 100.000 persoas a poboación en risco de pobreza ou exclusión social. Porén, no último ano con datos dispoñíbeis observamos como a poboación en risco de pobreza ou exclusión social descendeu en 60.000 persoas mais a pesares do bo comportamento dos últimos anos, vemos como dende o 2011 só se reduciu en 48.480 persoas, polo que existen claras dúbidas sobre que se poida cumprir este obxectivo.

Por outra banda, o informe “Estado da pobreza 2018” en Galiza elaborado pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia) revela que aínda que máis de 78.000 persoas saíron da situación de risco de pobreza no 2017, aínda quedan máis de 612.000 nesta situación. Así mesmo, bota luz sobre datos preocupantes como é a constatación da fenda de xénero en pobreza e exclusión social, amosando que as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mulleres non se están a beneficiar dos tímidos avances das cifras sobre pobreza e exclusión. Tamén, de forma especial, a fragilidade das persoas maiores de 65 anos marcada pola situación das pensións e do avellentamento no noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desenvolver e remitir á cámara nos próximos seis meses un estudo completo sobre a fenda de xénero na pobreza e o risco exclusión social de cara a establecer medidas específicas a acordar cos axentes sociais e políticos.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2019 13:44:28

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2019 13:44:34

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2019 13:44:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2019 13:44:37

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2019 13:44:38

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2019 13:44:41





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1990, ao abeiro do V Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe que fora realizado na Arxentina, o movemento feminista latinoamericano declarou o 28 de setembro Día pola Despenalización do Aborto. Esta data, nacida para denunciar e visibilizar os danos e mortes por mor dos abortos clandestinos, constituíu unha referencia para a loita pola despenalización de moitos países, inicialmente en Lationamérica e estendida a todo o mundo. Constitúe, xa que logo, unha data referencial na que en cada país o movemento feminista denuncia as carencias, de diferente tipo, que atopan para ver garantido o dereito ao aborto en condicións dignas.

Os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a súa revisión posterior en Nova York 1999) definen cales deben ser as condicións para a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación. Recentemente, diversos colectivos feministas como a Marcha Mundial das Mulleres denunciaban que no noso país incumpríanse estes protocolos e desprazábanse, ademais, moitas mulleres fóra do país para levar a cabo a interrupción terapéutica do embarazo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Pleno do Parlamento Galego aprobou o 23 de novembro de 2016, ao fío dunha Proposición do Bloque Nacionalista Galego, establecer medidas conducentes a fornecer ás mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica. Así mesmo, propúñase traballar pola creación de dous centros de referencia en Galiza para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), na zona norte e na zona sur, con persoal sanitario especializado, como garantía da execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

A xuízo do BNG, a consecución destes obxectivos son fundamentais para acadar o obxectivo de garantir para todas as galegas un dereito fundamental como o aborto na sanidade pública e no interior do territorio galego, independentemente da semana de xestación na que se producir o aborto, sen verse obrigadas a desprazamentos lonxe da súa contorna persoal, someténdoas a unhas condicións que impactan negativamente no procedemento.

Máis aínda, desde o feminismo galego existe unha importante preocupación diante das denuncias e testemuñas públicas de que o proceso para abortar por libre elección dentro dos supostos da lei non están a ser dereitos preservados na práctica.

Por outra banda, preocupa tamén o retroceso á deriva reaccionaria a respecto do dereito ao aborto que ten anunciado o Partido Popular de cara a modificacións na lei correspondente estatal, parecendo esquecer que a mobilización feminista foi quen de parar a súa contrarreforma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, diante do cambio de goberno no Estado cómpre impulsar o recoñecemento dos dereitos pendentes canto ao aborto para as menores.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda por resolución reprobar a deriva reaccionaria a respecto do dereito ao aborto que ten anunciado a dereita, rexeitar a posibilidade de modificacións regresivas na lexislación estatal e denunciar a falta de vontade do goberno galego para facer efectivo e defender este dereito.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2019 14:03:24

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2019 14:03:29

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2019 14:03:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/02/2019 14:03:32

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2019 14:03:33

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2019 14:03:35



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado día 10 de xaneiro, Vodafone España comunicou aos representantes dos traballadores a súa intención de abrir un Procedemento de Despido Colectivo que afectaría a un máximo de 1.200 empregados no conxunto do Estado dun total de 5.210. Unha decisión que a empresa xa ten comunicado ao Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social a finais do pasado mes, abríndose un período de consultas que se prolongará durante 30 días.

A empresa xustificou esta decisión “por razóns económicas, produtivas e organizativas”. Así, argumenta que no actual contexto de mercado, a demanda de servizos segue medrando de forma exponencial, pero a un ritmo diferente dos prezos. Dada esta situación, Vodafone entende que debe alixeirar a súa estrutura de custos para competir con éxito en todos os segmentos, debido ás caídas de ingresos e do EBITDA no primeiro semestre deste exercicio.

Os representantes dos traballadores en Galicia estiman que este Procedemento de Despido Colectivo (que se suma aos xa acometidos en 2013 e 2015) tería unha afectación de 41 traballadores que representan un 23% do total dos empregos que a compañía ten na Comunidade.

Así pois, o Grupo Popular quere amosar a súa preocupación por esta situación, que se enmarca na habitual aposta polo mantemento da actividade económica e dos postos de traballo da nosa Comunidade, especialmente daqueles que teñen que ver coas novas tecnoloxías.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



- 1.- Dirixirse ao Executivo Central para solicitarlle que facilite unha solución negociada entre Vodafone e o Comité de Empresa que minore ao máximo a afección en Galicia do Expediente de Regulamento do Emprego presentado.
- 2.- Interesarse polo desenvolvemento deste procedemento e facilitar o respaldo necesario para acadar este acordo”.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/02/2019 14:27:18

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/02/2019 14:27:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/02/2019 14:27:33

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/02/2019 14:27:39

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/02/2019 14:27:46

Marta Rodriguez Arias na data 08/02/2019 14:27:53

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/02/2019 14:28:01

María Soraya Salorio Porral na data 08/02/2019 14:28:10

Raquel Arias Rodríguez na data 08/02/2019 14:28:17

Sandra Vázquez Dominguez na data 08/02/2019 14:28:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Manuel Lago Peñas, Francisco Casal Vidal e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A empresa Vodafone España acaba de presentar un expediente de regulación de emprego co que pretende o despido colectivo de 1.198 persoas nos que están incluídos 41 persoas que traballan en Galicia. Este é o terceiro expediente de extinción nos últimos seis anos.

En 2013 Vodafone despediu a 960 persoas, entre elas 27 na Coruña e 28 en Vigo. En 2015 os despedidos no conxunto do estado foron 1.056 persoas das cales 9 foron na Coruña e 28 en Vigo. O expediente actual pretende despedir a 1.198 traballadores e traballadoras nas que están 9 de A Coruña e 32 en Vigo.

De levarse a cabo o ERE actual serían 3.214 as persoas despedidas a través de despedimentos colectivos das que 133 se corresponden cos centros de Vigo e A Coruña.

Está practica laboral de Vodafone España é inaceptable porque é unha empresa con enormes beneficios e sen problemas de carga de traballo. No último ano con contas pechadas gañou 181 millóns de euros pero sobre todo obtivo un EBITDA de 1.420 millóns de euros, unha cifra enorme que sitúa a ratio de rendibilidade no 28,5% da cifra de facturación..





As razóns da empresa para despedir non poden ser económicas, porque a empresa obtén elevados beneficios, nin de carga de traballo, porque non deixa de aumentar ano tras ano, tanto na cifra de clientes como de facturación.

A razón real é a reestruturación da plantilla que practica Vodafone, un proceso continuo no que se despide as persoas de maior idade e antigüidade da empresa para substituílas por persoas novas.

Os datos demóstrano. En primeiro lugar, a día de hoxe existe na empresa un elevado número de horas extraordinarias, ademais de subcontratas externas crecentes. En segundo —aínda que poda resultar sorprendente— é que despois dos despedimentos colectivos realizados estes anos a empresa contratou novas persoas de forma que a plantilla apenas ten variado, sempre na contorna das 5.000 persoas.

O axuste laboral é, polo tanto, a substitución de traballadores e traballadoras con antigüidade e máis idade por persoas novas, que teñen outros perfíles e menos salarios.

Poren, en Galicia, os efectos negativos da decisión de Vodafone no son só para a plantilla senón tamén para os intereses do país. A razón é que a reestruturación permanente dende 2013, que ten un novo paso no ERE actual, esta sendo utilizada para centralizar o emprego en Madrid a costa das delegacións territoriais, entre elas a de Vigo e a da Coruña.

En 2012 traballaban en Galicia 309 persoas de Vodafone España. Agora son 181 e se vai adiante o ERE o cadro de persoal será de tan só 141 persoas. Nestes anos perderanse 168 postos de traballo, máis da metade dos que había en 2013.

Este durísimo recorte no cadro de persoal de Vodafone en Galicia é inaceptable, porque no conxunto do Estado mantense máis o menos estabilizado pero aquí retrocede o 55%, o que demostra o proceso de centralización con efectos demoledores para os centros territoriais, entre eles A Coruña e Vigo.





Unha perda de emprego que non podemos aceptar, porque é emprego de calidade, de elevada formación, con salarios dignos en condicións de traballo e contractuais por riba da media. É emprego cualificado, a maioría con titulación universitaria nun país como o noso que xa ofrece escasas oportunidades de emprego as persoas que saen das facultades de telecomunicación e que se ven obrigadas a marchar fóra para poder traballar.

Por iso é difícil entender o silencio cómplice da Xunta de Galicia neste proceso continuado de desmantelamento das delegacións de Vigo e A Coruña de Vodafone, da redución de persoal ata levalas ao mínimo operativo.

Non se pode entender a inacción ante un gravísimo problema en termos laborais polos despedimentos senón tamén de perda de oportunidades para as persoas que se gradúan nas facultades, na calidade do servizo de telefonía móbil para o conxunto do país pero, sobre todo, porque a Xunta é o principal cliente de Vodafone en Galicia.

Vodafone España é o operador que ten adxudicado o contrato público para xestionar a telefonía móbil da Comunidade Autónoma, un contrato moi importante en termos económicos que fai apenas uns meses foi prorrogado un ano máis.

Vodafone España e AMTEGA prorrogaron en xullo de 2018 o contrato formalizado en 2015 estendendo a súa duración ata 2021, con novos compromisos por ambas partes, nos que Vodafone como operadora adxudicataria do servizo se compromete a mellorar a calidade das súas prestacións.

Pero hai máis, porque en novembro de 2018 AMTEGA firmou con Vodafone España —e outros dous operadores— un acordo para despregar a tecnoloxía 5G en Galicia, con compromisos concretos e financiamento público.

Estamos, polo tanto, ante un problema laboral que afecta directamente a 41 persoas, un problema de emprego para os graduados nas enxeñarías tecnolóxicas,





para a calidade do servizo de telefonía móbil en Galicia, para a rede corporativa de telefonía móbil en Galicia e para o desenvolvemento do plan de impulso da tecnoloxía 5G en Galicia. A Xunta de Galicia, a AMTEGA, a Consellería de Economía, Industria e Emprego non pode ser cómplices co seu silencio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia, como autoridade laboral pero tamén como cliente principal de Vodafone España en Galicia, con importantes contratos, a que interveña de forma activa para evitar os despedimentos e a descapitalización dos centros de Vodafone en Vigo e na Coruña.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Deputados e Vicevoceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/02/2019 10:35:39

Francisco Casal Vidal na data 11/02/2019 10:35:51

Antón Sánchez García na data 11/02/2019 10:35:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao acondicionamento da cuberta do IES Primeiro de Marzo de Baiona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este pasado venres 1 de febreiro partes da cuberta do IES Primeiro de Marzo desprendéronse e remataron polo chan do centro. A sorte foi que isto aconteceu pasadas as 13 horas e as alumnas e alumnos estaban nese intre nas aulas, o que evitou lamentar danos persoais. Mais tiveron que ser evacuados e escoltados por efectivos da Policía Local de Baiona, a Garda Civil e o GES Val Miñor para evitar incidentes por risco de máis desprendementos.

O luns 4 de febreiro uns operarios están a realizar obras de reacondicionamento da cuberta. Ou sexa, substituír as chapas danadas ou as que se desprenderon por unhas en bo estado. Unhas obras que teñen limitado o acceso da comunidade escolar a unha parte do centro e que serían lóxicas e adecuadas se a cuberta do centro estivese en bo estado até antes dos citados acontecementos.

Pero este non é caso. A Dirección do IES Primeiro de Marzo notificou dende fai máis de un ano á Consellería de Educación da Xunta de Galiza o deficiente estado da cuberta do centro e o risco que isto supuña para a seguridade da comunidade educativa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do centro. Xa que logo, urxe a reparación completa da cuberta do centro, non o arranxo dunhas chapas.

Por iso, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á consellaría de Educación da Xunta de Galiza a que acondicione de xeito inmediato e na súa totalidade a cuberta do IES Primeiro de Marzo de Baiona, ante o risco para a seguridade da comunidade educativa.”

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 11/02/2019 11:23:19

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2019 11:23:28

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2019 11:23:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/02/2019 11:23:34

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2019 11:23:36

Noa Presas Bergantiños na data 11/02/2019 11:23:40



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, aprobada polo goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, constituíu un avance nos dereitos das mulleres sobre a súa saúde sexual e reprodutiva. Esta lei superou á lexislación anterior (Lei orgánica 9/1985) e abriu a posibilidade ás mulleres de decidir de maneira máis completa e libre sobre a súa propia maternidade.

Esta lei ten sido considerada un gran avance de dereitos por numerosos organismos políticos internacionais, e conta cun amplísimo respaldo científico e profesional. De maneira especial ten sido amosado dende entón un apoio contundente e masivo por parte das mulleres, que viron un desenvolvemento legal dunha situación que necesitaba unha regulación ao nivel da súa importancia.

Dende entón véñse producindo, de maneira sistemática e periódica, un rexeitamento a esta lexislación e unha chamada á limitación de dereitos por parte das posicións e organizacións máis restritivas e reaccionarias no que corresponde aos dereitos civís, especialmente aos dereitos das mulleres. Recentemente estas posicións ideolóxicas, minoritarias na sociedade, tiveron un reforzamento dende organizacións ideoloxicamente situadas na extrema dereita, apoiadas en organizacións residuais en número. Contra o que sería o resultado natural desta situación que limitaría esas valoracións a meras expresións políticas de organizacións con limitada capacidade de influencia, percíbese un incremento do apoio ao rexeitamento á citada lei por parte de líderes de partidos de elevada representación institucional no conxunto de España e nas distintas autonomías, como é o caso do Partido Popular a través do seu principal referente Pablo Casado.

No caso de Galicia, a aplicación da Lei 2/2010 debera recibir un pulo de reforzo e non de minoración, pois existen datos que evidencian que non chega ao 10 % o



número de mulleres que poden acollerse na rede sanitaria pública galega a este dereito, existindo unha derivación a centros concertados. Existiron casos nos últimos tempos de mulleres que, tendo solicitado o seu dereito recollido na lei, foron derivadas a clínicas doutras comunidades autónomas, como o caso de Madrid, demorando a atención no tempo, o que causa maior risco para a muller e un período excesivo. Algún caso resultou en consecuencias fatais, e o Sergas xa foi condenado por mala atención a unha muller embarazada, por esta demora nun caso que obrigou a unha muller a acudir polos seus propios medios a Madrid e que terminou por perder o útero e a súa posterior capacidade reprodutiva.

En diversas ocasións, o Grupo Parlamentario Socialista ten formulado no Parlamento de Galicia a necesidade dun plan integral de atención sanitaria ás mulleres, dadas as especificidades que se deben consideran, e a Xunta de Galicia terminou por anunciar un plan nesta liña a partires do caso antes citado da condena ao Sergas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manifestar de maneira explícita e con claridade o seu apoio á Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo.
2. Garantir que todas as mulleres que desexen interromper o seu embarazo poidan facelo en Galicia, cunha atención integral e de calidade, con axuste aos protocolos internacionais e coa maior e mellor atención sanitaria, psicolóxica e emocional posible.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2019 16:24:23

María Luisa Pierres López na data 11/02/2019 16:24:28

Noela Blanco Rodríguez na data 11/02/2019 16:24:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/02/2019 16:24:38



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre o incumprimento de contrato da empresa Babcock na extinción de incendios asinado coa Xunta de Galicia.

Exposición de motivos:

Babcock, antiga Inaer, empresa líder en salvamento e operacións contra incendios da Xunta, dedicada en exclusiva aos servizos de emerxencias en Galicia a través da contratación permanente de helicópteros, é a concesionaria cabeceira dos últimos anos no territorio galego.

En febreiro de 2018, a CIG denunciara o incumprimento reiterado por parte da empresa Babcock das prescricións técnicas do servizo, polo que solicitara á Consellería de Medio Rural a cancelación do concerto con Inaer Galicia, actualmente Babcock.

Pedira tamén explicacións a Medio Rural sobre o motivo polo que o helicóptero modelo B3 con matrícula EC-KZL, pertencente á empresa Babcock, estaba aparcado na base pública de Queimadelos, situada no concello de Mondariz (Pontevedra), cando xa rematara a tarefa para a que fora contratado.

Trala vaga de lumes que arrasou Galicia en outubro de 2017, En Marea denunciou en numerosas ocasións o desmantelamento continuo do servizo de loita contra incendios en Galicia. Como exemplo, narrábase a existencia dun helicóptero modelo Puma, na base de Toén (Ourense), que por contrato debía ter





capacidade para transportar 2500 litros de auga e sen embargo so levaba 1700 litros.

Tamén se denunciara que os servizos de mantemento integral se estaban realizando no mesmo emprazamento no que se atopaba o helicóptero cando tiñan a obriga de realizalos nun hangar equipado.

Babcock xa estivo tamén no punto de mira do Consello de Contas por presuntas irregularidades. Foi condenada o pasado mes de marzo pola Audiencia Nacional por simular préstamos para eludir impostos e sancións por máis de seis millóns de euros, que lle conlevaron unha sanción doutros tres millóns. Na sentenza reflíctese que Inaer Aviation Spain S.L. simulou préstamos participativos que concederon os seus sociais para financiar a adquisición de participacións da propia empresa.

Agora, a concesionaria de helicópteros da Xunta leva un novo pao xudicial, ao desestimar o Tribunal Supremo o recurso de casación, polo que Babcock deberá pagar máis de nove millóns de euros.

En Primeira instancia, o fallo xudicial condenou á empresa por infracción na declaración do imposto de sociedades correspondentes aos anos 2007 e 2008 cunha contía de 6.059.636, 41 euros, derivada da débeda correspondente á liquidación dos exercicios anteriores, ademais de 3.220.763, 25 euros de sanción, xunto coas costas xudiciais. Babcock recurría, pero a Sala do Contencioso do Tribunal Supremo, rexeitaba nun auto a admisión a trámite do recurso de casación presentado pola empresa.

Os feitos en cuestión remítense ao ano 2011, tras unha inspección de Tributos del Estado á empresa Inaer Aviation Group SL (actual Babcock), na que se demostrou como probado, entre outros aspectos, que durante o proceso da unión temporal de empresas (UTE), consideráronse, nesa sociedade, como gasto fiscalmente non deducible, os intereses procedentes de tres préstamos





participativos nos que figuraba como prestataria dita entidade. Tamén se conceptuaban como simulados os préstamos participativos concedidos polos socios de Inaer Aviation Group SL ao obxecto de financiar a adquisición das participacións de Inaer Aviation Spain SL.

O Tribunal Supremo ven de despachar os argumentos da compañía ao non admitir a trámite o recurso, xulgando que carece de interese casacional e engadindo que a normativa vixente non deixa dúbidas de que “habera de quedar excluída do grupo fiscal aquela entidade que ao peche do período impositivo se atope en situación de desequilibrio patrimonial, salvo que dita situación desaparecese o último día do período impositivo no que se aproben as contas anuais”.

Como xa ten denunciado En Marea en diversas ocasións, por parte da Xunta, estanse pagando favores a empresas privadas como Babcock, a pesar da reincidencia nos incumprimentos técnicos.

Dende a Xunta debería explicarse claramente cales son os motivos para seguir mantendo o contrato con esta empresa.

Polo exposto, o Grupo Parlamentariode En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a motivar xustificadamente o mantemento do contrato con Babcock, a pesares dos reiterados incumprimentos, constatados nas sentenzas da Audiencia Nacional e o Tribunal Supremo.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.





Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Antón Sánchez García

Deputado, deputada e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/02/2019 16:43:33

Antón Sánchez García na data 11/02/2019 16:43:42

Paula Quinteiro Araújo na data 11/02/2019 16:43:49



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na última década, a Unión Europea impuxo a aplicación de políticas de “austeridade” que tanto o goberno do Estado como a Xunta de Núñez Feijóo aplicaron con entrega e entusiasmo, levando a efecto recortes nos servizos públicos, privatizacións, reforma do sistema de pensións e dúas reformas laborais que facilitan os despedimentos, a perda salarial e a precariedade das condicións de traballo.

En 2016 acadáronse os niveis de produción previos á crise, dende 2014 medra a economía, pero non se recuperaron as condicións de traballo e os salarios. Segundo o informe: “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias”:

- O emprego asalariado no conxunto do Estado español é un 0,6% inferior ao ano 2009; en Galiza, un 6,2% inferior, o que significa 67.533 persoas asalariadas menos.
- Os salarios, tendo en conta a inflación, sufriron unha perda de poder adquisitivo real do 10,9% na media do estado e do 10% en Galiza. Galiza, sendo a cuarta comunidade con una maior inflación, é a terceira cos salarios máis baixos.
- Os datos da Axencia Tributaria revelan que a destrución de emprego afectou principalmente aos postos con maiores ingresos e que só se está a crear emprego precario con salarios inferiores a 1,5 veces o SMI, situándose o maior medre do





persoal asalariado no de ingresos inferiores a 0,5 veces o SMI. No ano 2017 foron 182.120 as persoas traballadoras nesta situación, cuns ingresos brutos anuais máximos de 2.020 euros. A partir de ingresos superiores a 1,5 veces o SMI, o número de asalariados sitúase sempre por debaixo do ano 2009.

- A taxa de temporalidade en Galiza medrou dende o 21,4% en 2014 ao 26,7% en 2018. É dicir: 222.000 persoas asalariadas galegas teñen un contrato eventual.

- Segundo o IGE, en 2018 asináronse 1.069.672 novos contratos laborais, o 5,4% indefinidos e o 94,6% temporais. Entre estes últimos, os contratos cunha duración máxima dunha semana supuxeron en 2018 máis de 375.000, cun incremento do 9,4% e representan xa o 35% dos novos contratos e o dobre que en 2013.

- O 57% das persoas contratadas por menos de 40 horas semanais en Galiza procuran un traballo a xornada completa pero non o conseguen.

O Foro Económico de Galicia ve preocupante a continua caída da poboación activa, especialmente grave na franxa de 25 a 34 anos, a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media do estado, o incremento da temporalidade e a alta taxa de contratación a tempo parcial involuntaria.

A precariedade e a falta de dinamismo do mercado laboral favorece a emigración da mocidade, a baixa taxa de natalidade e a perda de poboación activa.

En Galiza, as condicións laborais impiden que a mocidade galega desenvolva o seu proxecto de vida no seu País. Segundo o Consejo de la Juventud "a situación laboral que presenta Galiza para as persoas mozas non invita ao optimismo, na medida que conta con menor nivel de actividade e ocupación que o conxunto de España".





En 2017 Galiza tiña uns 60.500 fogares (un 40% menos que en 2007) formados por persoas por debaixo dos 35 anos, e case o 30% no superaban os 1.000 euros ao mes.

Segundo o IGE, seis de cada dez mozas e mozos galegos de entre 18 e 34 anos viven cos seus proxenitores porque carecen de recursos para emanciparse. O mesmo ocorre cos 43,6% dos galegos e galegas menores de 35 anos. Só o 14,7% percibiu algún tipo de ingresos, incluídas prestacións e salario.

De entre a mocidade que vive cos seus proxenitores, o 43,6% carece de ingresos; o 9,8% ingresa menos de 200 euros mensuais; o 15% gaña entre 200 e 600 euros; o 15% non chega aos 1.000 euros; e só o 16% gañou máis de 1.000 euros.

Pero, hoxe, en Galiza, traballar non significa poder emanciparse. Segundo o informe da Axencia Tributaria citado:

- O emprego asalariado baixou en máis dun 30% entre os 18 e os 35 anos.
- Os salarios baixaron un 21,4% entre os traballadores/as entre os 18 e 25 anos; entre 25 e 35 anos o descenso foi do 7,3%.
- Ata os 25 anos os asalariados/as galegos acadaron uns ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.
- Ata os 36 anos os traballadores e traballadoras non acadan o salario medio anual galego.
- Só un de cada dez mozos e mozas conseguiu traballar todo o ano. Antes da crise, representaban o 32,3% do total, en 2018 tan só o 11,8%.

O Consejo de la Juventud denuncia que en Galiza “o aumento da ocupación caracterízase pola parcialidade e a temporalidade maiores ás do conxunto do estado, sendo igualmente superiores a subocupación e a sobrecualificación”.





O Foro Económico de Galicia alerta sobre a "gravidade" da perda de traballadores/as mozas e reclama "medidas específicas para reverter esta situación". Destaca que esta situación do mercado laboral galego se produce "dende o comezo da recuperación económica" e que na actualidade "avanza a un ritmo que dobra o do conxunto do Estado".

Como se acaba de expoñer, os principais indicadores da precariedade laboral afectan maioritariamente ás persoas menores de 30 anos: maior perda de salario dende a crise, máis traballo temporal, normalización das xornadas parciais e maior rotación nos postos de traballo.

Esta precariedade no emprego é froito de décadas de políticas antiobreiras. Entre estas, cabe destacar a Reforma Laboral que en 1994 o goberno socialista aprobou para legalizar as ETTs, prohibidas ata ese intre polo Estatuto dos Traballadores/as, pois supuñan o "tráfico de man de obra".

A temporalidade e a falta de dereitos caracterizan ás ETT. As ETTs contribuíron á precarización do traballo, sobre todo entre a mocidade, con altos índices de rotación, contratacións temporais e baixos salarios.

Durante o primeiro ano de existencia realizaron máis de 300.000 contratos. Catro anos despois achegábanse ao millón de contratacións. En 2008 máis de 2,5 millóns de contratos anuais. Coa reforma laboral do PP en 2012, as ETTs pasaron a ser axencias privadas de colocación con ánimo de lucro e os seus beneficios non paran de medrar chegando a realizar máis de 2,7 millóns de contratos.

E por si as ETTs non precarizaran o suficiente o mundo do traballo, proliferan as Empresas Multiservizos (EMS). O 90% das empresas cunha facturación superior aos 12 millóns de euros teñen externalizados servizos complementarios: seguridade, limpeza, mantemento, control de pragas, cátering, loxística, transporte, sistemas de información, financeiro, márketing, etc.





Non existe un convenio colectivo de ámbito estatal ou autonómico das empresas multiservizos, aplicando aos traballadores/as o Convenio da Empresa Multiservizos que se trate. É dicir, ao contrario do que ocorre coas ETTs onde os traballadores deben percibir o mesmo salario que a empresa contratista, nas EMS perciben o salario do convenio colectivo da EMS, que son convenios de mínimos con salarios moi baixos. Isto é posible grazas á reforma laboral de 2012 que outorgou aos convenios de empresa prevalencia sobre os convenios sectoriais de ámbito superior.

Ademais, na maioría dos casos estase a producir unha cesión ilegal de traballadores/as externalizando os servizos tras despedir aos propios traballadores que realizaban ata ese intre dito servizo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de:

a. abrir unha mesa de negociación cos sindicatos máis representativos a nivel de Estado e de comunidade autónoma para negociar:

- a limitación da subcontratación e externalización de servizos mediante o uso das EMS.
- a limitación do uso das ETTs.
- a redución dos tipos de contratos laborais, incidindo no reforzamento da causalidade.

b. aumentar a actuación da Inspección de Traballo sobre as ETTs e EMS.





- c. aumentar a actuación da Inspección de Traballo en relación á veracidade da contratación a tempo parcial.
 - d. derogar o Real Decreto-lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral.
2. Abrir unha mesa de negociación coas centrais sindicais e a representación patronal para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal.
 3. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos para promover a Negociación Colectiva de ámbito galego, unificando convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal e para os novos sectores que carecen de convenio colectivo de referencia e un convenio galego das EMS.
 4. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover que na Negociación Colectiva de ámbito galego se considere obxectivo a acadar en 2025 a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.
 5. Presentar ante o Parlamento un Plan de incentivación para a creación de traballo cualificado, baseado no investimento en I+D+i e a contratación de xente moza en condicións laborais e salariais dignas.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.





Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/02/2019 18:47:43

Luis Villares Naveira na data 11/02/2019 18:47:57



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A alopecia areata é unha enfermidade inmunolóxica que provoca a perda de pelo en diversas zonas do corpo, especialmente no coiro cabeludo. O sistema inmunolóxico das persoas con esta doenza detecta o pelo como unha ameaza interna, polo que os linfocitos o atacan, o que impide que este saia ao exterior. A día de hoxe, non hai unha causa científica que explique isto, polo que tampouco hai unha cura como tal. Si existen diversos tratamentos que poden chegar a facer efecto, pero teñen un elevado custo en termos de efectos secundarios sobre outros elementos do organismo.

Ademais de ocasionar a perda do cabelo tamén son moitas as persoas que sofren problemas psicolóxicos, asociados a esta enfermidade e a estas consecuencias, derivando en inseguridades e déficits nas relacións sociais que provocan a necesidade de utilizar próteses capilares para agochar ou disimular a enfermidade e poder facer unha vida asimilable ao estandarizado.

Aínda que noutros casos de outras afectacións, como no caso das persoas que pasan por procesos de tratamento oncolóxico, tamén se utilizan próteses con obxecto semellante, o caso da alopecia areata ten a particularidade de ser unha afectación permanente. Isto provoca que as próteses precisen unha maior calidade e materiais mellores para unha maior duración, o que redundará en maiores prezos. Por ter algunha referencia, unha prótese de 18-25 meses de duración de utilidade pode ter un prezo final de 1.500 euros aproximadamente.

A consideración especial desta afectación e as vantaxes que pode xerar en varios planos persoais a utilización desta prótese abre a posibilidade de considerala de maneira especial no que corresponde á súa utilización en relación á enfermidade.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a estudar as medidas necesarias para paliar o impacto económico do custe das próteses capilares en persoas afectadas por alopecia areata en Galicia, valorando a posibilidade de abrir unha liña de axudas para sufragar o custe destes produtos.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2019 09:34:08

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 09:34:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2019 09:34:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o servizo de fisioterapia e logopedia na EOXI Lugo-Cervo-Monforte e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para o garantir ao conxunto da poboación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o mes de febreiro o SERGAS rachou o convenio que mantiña coa privada para a prestación do servizo de logopedia e fisioterapia na EOXI Lugo-Cervo-Monforte.

Sen máis información que a que lles proporcionaron as e os profesionais que viñan prestando o servizo, moitas persoas da Mariña, Lugo e Monforte víronse privadas das sesións que até o de agora prestaba o SERGAS –a través do devandito convenio.

Así o trasladaron ao Bloque Nacionalista Galego, entre outras, representantes das asociacións de persoas con TDAH e tamén de parálise cerebral, colectivos especialmente vulnerábeis, que se viron obrigadas a asumir cos seus propios recursos o custe do servizo para garantir a atención que as usuarias precisan.

As persoas usuarias e as súas familias denuncian, ademais da falta de información por parte da Xunta de Galiza, os prexuízos que causa a paralización destas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sesións de rehabilitación, necesarias, mesmo indispensábeis, para garantir calidade de vida de milleiros de persoas na EOXI Lugo-Cervo-Monforte.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir, de maneira urxente, o servizo de fisioterapia e logopedia na EOXI Lugo-Cervo-Monforte, dotando os tres centros hospitalarios, especialmente os comarcais, con persoal propio suficiente.”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 16:44:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 16:44:41

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 16:44:45

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 16:44:48

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 16:44:50

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 16:44:52



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como denuncia a Rede contra a Minaría Destrutiva na Galiza o día 12 de febreiro realizárase na Cidade da Cultura un acto do 'lobby' da minaría no que se presentará un **'kit' de materiais supostamente educativos destinados a nenas e nenos de infantil, primaria e secundaria**. Trátase dun evento para presentar unha campaña máis coa que tratar de lavar a cara da minaría nos colexios de Galicia.

A Rede ContraMINAcción denuncia que "mentres a Administración dedica grandes esforzos e recursos públicos a estas campañas de enxeñaría social, ducias de explotacións mineiras continúan sen restaurar ou, o que é peor, se converten en focos agravados de contaminación. como ilustran as minas-vertedoiro de Miramontes, Casalonga ou Touro, na contorna da capital galega".

É cando menos curioso que a Xunta de Galicia dea cabida a este tipo de accións nos centros educativos que nada teñen a ver coas necesidades educativas das nenas e nenos de Galicia. E que, ademais, ocultan a realidade depredatoria e a degradación medioambiental, patrimonial e paisaxística de moitos destes





proxectos.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Impedir que este tipo de contidos se divulguen nos centros educativos galegos
- Fomentar a educación ambiental en todos os centros e cursos académicos coa finalidade de sensibilizar e comprometer á poboación da problemática ambiental.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/02/2019 16:56:30

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2019 16:56:38





Luis Villares Naveira na data 12/02/2019 16:56:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia de 1 de febreiro de 2019, a Consellería de Política Social publicou a Orde do 28 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 e se procede á súa convocatoria, para as cales se destina un orzamento de 500.000 €.

As ditas subvencións van destinadas aos concellos galegos, as mancomunidades de concellos de Galicia e os consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos; sendo a contía máxima que se pode solicitar de 6.000 € no caso das solicitudes individuais, 15.000 € para as solicitudes conxuntas se a entidade ou agrupación está formada por dous concellos e de 22.000 € se está formada por tres ou máis concellos e, no caso de concellos resultantes de procesos de fusión municipal poderán solicitar un máximo de 15.000 euros no caso de fusión de dous concellos e de 22.000 euros no caso de fusión de tres ou máis concellos.

No artigo 2 da dita Orde establécense as áreas de atención prioritaria:

- a) Iniciativa local emprendedora: proxectos relacionados co emprendemento e a empregabilidade dos mozos e mozas.*
- b) Promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como sensibilización e loita contra calquera forma de discriminación.*
- c) Dinamización da información para a mocidade.*
- d) Fomento de actitudes creativas e innovadoras da mocidade na súa comunidade e na súa contorna.*
- e) Fomento da inclusión social e laboral e da accesibilidade dos mozos e mozas pertencentes a colectivos con dificultades de integración ou especialmente vulnerables.*
- f) Dinamización da lingua galega entre a mocidade.*
- g) Fomento da participación e o empoderamento das mulleres novas galegas.*



- h) Conservación e posta en valor do ambiente e do patrimonio cultural e natural.*
- i) Desenvolvemento e dinamización do medio rural.*
- j) Creación de espazos para a comunicación e novas tecnoloxías”.*

Na propia exposición de motivos desta orde faise referencia á Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, que no seu artigo 1 establece que as políticas públicas dirixidas á mocidade terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 9 establece que a Xunta de Galicia fomentará o espírito emprendedor e potenciará entre a mocidade un sistema de actitudes e preocupacións do cal formen parte por iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza, o compromiso e a flexibilidade.

Tendo en conta a elevada taxa de desemprego entre a xuventude e a necesidade perentoria de mellorar a súa capacitación profesional e persoal, a súa estabilidade, a produtividade e a eliminación da brecha de xénero.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Acorde coa Fegamp as actuacións conxuntas que deben abordar a Xunta de Galicia e os concellos galegos de cara a fomentar o espírito emprendedor, potenciando entre a mocidade un sistema de actitudes e preocupacións das que formen parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza, o compromiso e a flexibilidade.

2º) Elabore un mapa sobre a formación demandada polas empresas asentadas en Galicia.

3º) Sobre a base do mapa contemplado no punto anterior, acorde coa Fegamp as actuacións conxuntas que se deben abordar para mellorar a capacitación profesional e persoal das persoas mozas, así como a súa estabilidade, a produtividade e a eliminación da brecha de xénero.

4º) Dote orzamentariamente as contías necesarias para implantar as actuacións acordadas nos puntos anteriores.



Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2019 16:48:26

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 16:48:36

Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2019 16:48:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 16:48:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2019 16:49:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a protección das pinturas rupestres de Casaio

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai poucos días o equipo de Sputnik Labrego e Estela Arqueoloxía e Patrimonio SL documentaron un dos conxuntos pictóricos prehistóricos máis importantes do noroeste peninsular na localidade de Casaio en Carballeda de Valdeorras.

Segundo explican dende Estela Arqueoloxía a descuberta produciuse durante o proceso de documentación dunha choza da guerrilla antifranquista. Observadas as pinturas deron parte á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que confirmase o achado, que enviaría a José Manuel Rey, especialista en arte rupestre e director do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campolameiro (Pontevedra), que confirmou a importancia da descuberta.

Nas primeiras visitas as investigadoras xa localizaron unha quincena de pinturas diferentes entre as que destaca un ídolo oculado, o primeiro documentado no país, e que supón un importante fito arqueolóxico xa que nos atoparíamos ante o maior legado de pintura esquemática prehistórica do noroeste peninsular, máis aínda tendo en conta que a presenza da arte rupestre pictórica en Galicia é moi escasa.





Ante esta situación, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a catalogar, protexer e difundir este importante achado.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de en Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/02/2019 18:01:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2019 18:02:01

Luis Villares Naveira na data 12/02/2019 18:02:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A UE ten un dos estándares de seguridade alimentaria máis elevados do mundo, en gran parte grazas ao sólido conxunto da lexislación da UE en vigor, que garante que os alimentos sexan seguros para os consumidores. Unha ferramenta clave para asegurar o fluxo de información para permitir unha reacción rápida cando se detectan riscos para a saúde pública na cadea alimentaria é *Rapid Alert System for Food and Feed* (RASFF), o sistema de alerta rápida para alimentos e pensos.

No mes de febreiro activouse unha alerta pola posible contaminación por salmonela de mexillóns, procedentes de España e empacitados en Italia. Esta alerta tiña nivel de risco “serio” e a acción requirida é a retirada do mercado. Desde o sistema *RAFSS* recoméndase prestar moita atención e non consumir mexillóns refrixerados de España sen sometelos primeiro a control por parte do servizo local de hixiene e nutrición. Hai que ter en conta que os mexillóns filtran o contido dos mares nos que viven, que non sempre están perfectamente limpos, polo que poden ser unha fonte de contaminación bacteriana.

Cabe preguntarse se á luz desta información se detectaron partidas en Galicia, que poidan estar afectadas por esta posible contaminación, e nese caso que medidas é preciso tomar por parte do Goberno galego.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo un estudo das posibles consecuencias da alerta de risco serio procedente da RASFF por presenza de salmonela en mexillóns vivos procedentes de España e empacitados en Italia.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/02/2019 18:36:41

Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2019 18:36:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2019 18:37:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xaneiro de 2019 fixéronse públicas as dilixencias informativas abertas pola Fiscalía Xeral do Estado contra o Fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado para esclarecer unha falta disciplinaria grave de “abuso de autoridade”, expediente disciplinario que tamén afecta ao Fiscal Superior de Xustiza, Fernando Suances.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego resulta de máxima gravidade a existencia de indicios que sustentan a apertura das dilixencias informativas xa que poñen de manifesto novas dúbidas sobre a súa actuación e sitúa en entredito a presunta independencia da que debe gozar o sistema xudicial.

O BNG considera que o expediente disciplinario contra Florentino Delgado resulta un novo exemplo da falta de separación de poderes que se está a observar na xustiza española en xeral e no ámbito de Ourense en particular con indicios de obedecer ao servizo dos intereses do Partido popular como aconteceu no caso do ex-alcalde de Ourense, Manuel Cabezas beneficiando a algúns promotores a través de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cesións urbanísticas provocando continuos atrasos e demoras inxustificadas así como graves repercusións para esfera pública e política.

Máis aínda, o pasado 11 de febreiro a xornalista Cristina Huete, recorrentemente denunciada pola familia Baltar, sacaba á luz que o Fiscal Xefe desfrutaba da prebenda de ter financiados os custos de vivenda desde que en decembro de 2004, sendo Manuel Fraga presidente, o Goberno galego asinara un contrato por cinco anos, ata decembro de 2009, para pagarlle o alugueiro ao fiscal xefe da Audiencia desa provincia. Prebenda que o goberno Núñez Feijóo prolongaría até 2016 unha vez regresado o Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza e que acabaría derivando nun proceso xudicial por parte da persoa propietaria do inmovible ao non terse desocupado.

Esta situación é un absoluto escándalo, do punto de vista político pola decisión de prolongar esta prebenda e do punto de vista ético e moral do que debера ser un cargo garante da xustiza. É intolerábel a estas alturas tanto a falta de transparencia da Xunta de Galiza como a insuficiencia de medidas para apartar a esta persoa da actividade xudicial, mentres non se esclarezan as súas responsabilidades.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para solicitar o cese do Fiscal Xefe de Ourense pola gravidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos indicios que poñen en cuestión a capacidade de salvagarda da independencia xudicial.”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 18:40:21

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 18:40:27

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 18:40:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 18:40:31

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 18:40:32

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 18:40:34



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo, Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O último barómetro sobre xuventude e xénero elaborado polo ProyectoScopio do Centro Reina Sofía presenta datos moi interesantes acerca da incidencia e da percepción da violencia de xénero que se produce entre a mocidade.

Segundo o informe, case a metade dos mozos e mozas do Estado (o 49%) afirma que a violencia machista aumentou algo ou moito nos últimos anos. Porén, a percepción varía significativamente por xénero: entre as mulleres, a porcentaxe é de máis do 59%, mentres que nos homes é de pouco máis do 39%. As mulleres de idades máis altas son aínda máis sensibles a este tema.

A diferenza que existe na percepción da violencia de xénero entre homes e mulleres é un síntoma de que algo non se está facendo ben no que respecta á formación. Só dese xeito se explica que só un 10,3% das mulleres pensen que a violencia de xénero diminuíu nos últimos anos, pero que esa opinión sexa mantida polo 25,39% dos homes. Que se produza semellante discrepancia é un claro indicador de que moitos homes non están sabendo advertir as violencias que na súa contorna se producen contra as mulleres.

A diferenza na percepción prodúcese con independencia da violencia contra a muller que esteamos considerando. O 48,8% das entrevistadas admite ter sido





testemuña de como unha parella lle revisaba o móbil a unha muller, fronte o 34,9% dos homes; o 50,9% das entrevistadas afirma ter visto ameazas ou insultos a unha muller empregando internet ou o móbil, mentres que só o 32,7% dos homes detectaron unha conducta semellante; o 48,5% asegurou coñecer casos nos que unha muller era obxecto de control continuo, pero a porcentaxe descende ata o 34,4% no caso dos homes...

Algo análogo sucede no resto de casos de violencia contra a muller estudados no barómetro.

É claro, polo tanto, que aos homes lles custa moito máis que ás mulleres percibir a violencia machista. Cómpre, polo tanto, investigar as causas de que isto acontece e atallalas cun plan específico que permita, en primeiro lugar, concienciar aos varóns, para, logo, modificar as súas conductas.

Polo anterior exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Incorporar na macroenquisa, sobre a incidencia das violencias machistas ao longo do ciclo de vida das mulleres, indicadores específicos para poder identificar a percepción que ten a mocidade galega da violencia machista.
- Cos datos recollidos, elaborar un plan de concienciación centrado nos homes de menor idade que permita formalos na identificación dos actos de violencia machista.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.





Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 13:00:43

Marcos Cal Ogando na data 13/02/2019 13:00:51

Carmen Santos Queiruga na data 13/02/2019 13:00:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A semana pasada mantívose unha reunión entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e as confrarías de pescadores da Mariña lucense, que concluíu sen cambios polo conflito do ourizo de mar na Mariña, relativo ao Plan de explotación do ourizo a frote na modalidade de mergullo con subministro de aire desde a superficie (MSAS).

Por parte das confrarías da Mariña, así como pola Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo presentáronse, alegacións e escrito de rexeitamento respectivamente.

No DOG do 27 de decembro publícase a Orde do 20 de decembro de 2018 polo que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019. Nesa orde, no cadro C: “plans de xestión de equinodermos” aparece reflexado pola entidade AM Aresmar (Asociación de colectores submarinos da Mariña) na modalidade de MSAS.

As confrarías de pescadores da Mariña lucense e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo están molestos debido a que se lle dea prioridade a unha asociación privada por riba das confrarías e dos socios da Federación Provincial.

E non é porque as confrarías da Mariña queiran prohibirlles aos de a frote que recollan ourizo, senón que queren que o fagan a pé, traballando así dunha forma máis sostible e en igualdade de condicións. Os 29 mariscadores a pé que recollen ourizos realizan unha pesca sostible dos equinodermos. Ademais teñen que mirar as mareas e o estado do mar para recoller unha especie, que tarda, polo menos, 5 anos en dar o talle comercial, e con tope de 50 kg/ día por mariscador. Os de a frote, non teñen porque ter en conta as mareas e poden capturar con maiores inclemencias do tempo que os de a pé e teñen un tope de 80 kg/ día por persoa. A ratio é de 1.480 kg/ ano por mariscador a pé e 6.480 kg/ano os de a frote. Todo isto tradúcese en pesca sostible fronte a rendibilidade inmediata.



Na Mariña lucense existen 29 mariscadores a pé que extraen ourizo e dúas lanchas con 4 mergulladores.

As confrarías entenden que o sistema a frote, coas capturas na zona submareal, condicionan a recuperación dos bancos intermareais, onde realizan a explotación os mariscadores de a pé da zona da Mariña lucense, zona esta especialmente vulnerable e dependente das poboacións de ourizo do submareal.

Se ben é certo que a día de hoxe non se mostra un descenso desta especie, tamén o é que se rexistraron ao longo destes 10 anos peches temporais dalgúns bancos, nos que se percibiu diminución da abundancia dos recursos, coincidindo nalgúns casos, coa explotación das mariscadores a frote.

A Consellería do Mar di que en función dos informes que teñen non se pode prohibir o marisqueo a frote para o ourizo (informe que o sector considera “ *de parte*” xa que se ben se realizou por parte dos biólogos da Consellería do Mar realizouse a bordo das embarcacións que realizan o marisqueo a frote, e nos lugares por estes mariscadores elixidos).

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar unha mostraxe aleatoria da existencia do ourizo de mar na Mariña lucense, realizado por biólogos da Consellería do Mar e que en función dos resultados desa mostraxe valore a posibilidade de permitir ou non a extracción do ourizo mediante mergullo con subministro de aire desde a superficie.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 13/02/2019 14:07:17





María Dolores Toja Suárez na data 13/02/2019 14:07:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2019 14:07:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No último informe económico-financeiro emitido polo Consello de Contas de Galicia sobre as entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2016), o máximo órgano fiscalizador observa como a nosa Administración autonómica é aínda a sexta Comunidade Autónoma con maior número de entes instrumentais, contando a 1 de xaneiro de 2017 con 112 entidades pertencentes ao sector público autonómico. Tamén sinala o Consello de Contas que con todo, o simple número de entes públicos é unha variable pouco representativa da importancia do sector.

Sinala o Consello que a Administración galega segue sen facer pública a relación de entidades que deben ser consideradas como integrantes do seu sector público segundo a normativa propia aplicable, a propia Lofaxga. A Xunta de Galicia segue así a incumprir o artigo 52 da dita lei, que obriga á consellaría competente en materia de Facenda a pór en marcha un rexistro de entidades dependentes no que se deben inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente, eiva, insiste o Consello, que dificulta a delimitación exacta das entidades que segundo a nosa normativa deben ter a consideración de sector público autonómico.

Continúa este informe denunciando que ningún dos plans de racionalización do sector público dependente foi obxecto de publicación, non publicándose tampouco os informes nos que se avalía o seu grao de realización polo propio Goberno galego.

O Consello de Contas resalta que a pesar de número de entidades extinguidas, a importancia económica dun gran número delas é menor, supoñendo os aforros estimados polas baixas menos do 1 % dos fondos xestionados polas entidades dependentes polo que, reitera un ano máis o Consello, a redución do sector é máis nominal ca real. A creación de axencias está a supoñer a xestión descentralizada de políticas que ata o de agora eran desenvolvidas no eido das consellarías.



No pasado Consello da Xunta do 17 de xaneiro deste ano o Goberno galego informou do estado actual do Plan de racionalización dos entes instrumentais (“Administración paralela”). Pero non parece que se estean a observar as recomendacións recorrentes do Consello de Contas neste ámbito.

Insta finalmente o Consello de Contas aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión, debéndose someter á avaliación periódica o funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e se constitúen a forma máis eficiente para acadalos.

O artigo 2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, encomenda á Consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa a elaboración, polo menos, con carácter trianual, de plans de racionalización e reestruturación que analicen a estrutura organizativa e a dimensión orgánica da Administración xeral e das entidades que integran o sector público autonómico, tomando como referencia o principio de racionalización do gasto e a mellora da xestión do sector público.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar para o seu debate na Cámara, durante o actual período de sesións, un informe sobre o custo de actividades e indicadores de xestión dos entes instrumentais autonómicos, contemplando un plan específico de avaliación periódica do funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e se constitúen a forma máis eficiente para acadalos, segundo as recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2019 17:14:18

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2019 17:14:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2019 17:14:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2019 17:14:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2019 17:14:58





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a cobertura de baixas no servizo de comedor escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os numerosos problemas detectados no servizo de comedores escolares, normalmente vinculados co proceso de privatización, este ano temos que destacar a denuncia feita dende os centros da tardanza que está tendo a Xunta á hora de cubrir as baixas médicas.

Así, no colexio de Xanceda, por exemplo, denunciaron que levaban dez días sen que se cubrira a baixa dunha das persoas que traballa no servizo o que dificultaba moito prestar a máxima calidade. Deste xeito os profesionais explicaron que se viron obrigados a ter que cambiar os menús toda vez que non é posible facer o mesmo tres que dúas persoas.

O que está de fondo, coma sempre, son os supostos aforros, recortes reiterados no ensino público que se deixan sentir en todos os ámbitos.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a garantir que as baixas no servizo de comedor se cubran no menor prazo de tempo posible.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.





Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/02/2019 17:14:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2019 17:14:42

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 17:14:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** e abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Partido Popular anunciou na presentación no Congreso dos Deputados dunha Proposición de Lei Orgánica destinada a combater a ocupación ilegal de vivendas que garanta o dereito de propiedade, a seguridade de persoas e bens e a convivencia social. No seu articulado establécese, entre outras medidas, que a Policía poderá desalojar a vivenda ocupada ilegalmente nun prazo express de 24 horas, sen necesidade de esperar varios meses como ata agora e reforza o delito de usurpación pasando dunha multa a pena de privación de liberdade dun a tres anos.

Fronte á pasividade e mesmo permisividade dos mal chamados “alcaldes do cambio”, esta Proposición de Lei, de aprobarse, evitaría situacións como a do “Patio Maravillas” en Madrid ou que se produzan feitos tan lamentables como o ocorrido o pasado 5 de xaneiro en Badalona, onde morreron tres veciños dun inmovible a consecuencia dunha sobrecarga eléctrica provocada pola “picada” ilegal dos okupas que vivían ademais de forma ilegal nun edificio do barrio de San Roc.

Esta normativa tamén evitaría a batalla campal que se produciu en xuño de 2017 en Santiago de Compostela cando foi decretado, por un xulgado, o desaloxo da casa número 11 da rúa da Algalia, onde resultaron feridos 6 policías, agredidos por un grupo de encapuchados que actuou con extrema violencia nunha manifestación para evitar o desaloxo do colectivo Escarnio e Maldicer, desaloxo que tamén foi rexeitado por Compostela Aberta, formación política que lidera Martiño Noriega, o alcalde de Santiago, criticando a actuación policial e xudicial e saiu en defensa dos okupas e mesmo nun comunicado respaldaba a ocupación facendo un recoñecemento explícito das manifestacións culturais de iniciativa popular, como é o caso dos centros sociais ocupados, que optan por funcionar á marxe das institucións, actividade que, para o partido do goberno municipal, non xeraba ningún problema de convivencia nin de seguridade. Con posterioridade, abriu un expediente urbanístico sancionador ao



propietario por tapiar o edificio para cumprir co mandato xudicial, e tras a retirada do tapiado, en xaneiro de 2019, produciuse unha reokupación do inmovible.

Estes concellos, lonxe de promover unha política efectiva de vivenda dedicáronse a “consentir” unha usurpación da propiedade que non é xustificable en ningún caso, pois trátase dunha ilegalidade en contra do dereito constitucionalmente recoñecido, a propiedade.

Cando hai unha ocupación ilegal, hai un acto contrario a dereito. Non pode ser que estas políticas de cambio baséense en considerar a ocupación ilegal como unha situación tolerable ou admisible, como non o é calquera outra ilegalidade.

Combater o alarmante e crecente problema da ocupación de vivendas, loitar contra as mafias e a delincuencia asociada á mesma e garantir así, a propiedade privada, a convivencia e a seguridade son os motivos principais que impulsan esta iniciativa normativa no Congreso dos Deputados.

Aínda que na última década acurtáronse substancialmente os prazos xudiciais para o desaloxo de vivendas, o problema da ocupación xera alarma na sociedade española e o número de vivendas ocupadas non deixa de aumentar. Ademais, o fenómeno xerou a instauración de mafias da ocupación e a utilización de moitos destes inmoibles para actividades delituosas.

Como exemplo, na Comunidade de Madrid había 4.472 vivendas okupadas, 498 máis que un ano antes, a setembro de 2018. A maioría destes inmoibles atópanse, ademais, na capital. Estas cifras reproducense de maneira similar noutras grandes capitais españolas.

A Proposición de Lei define por primeira vez de forma clara a ocupación ilegal e impide que os okupas se tenten amparar en fendas legais ou en dereitos que asisten ao cidadán que actúa legalmente, para cometer ese atentado contra a propiedade privada. Para iso permítese que as autoridades públicas e os seus axentes interveñan dentro do espazo ocupado para proceder ao desaloxo. A autoridade pública poderá desaloxar as vivendas ocupadas ilegalmente nun prazo de 24 horas.

Así mesmo, a nova lei reforzará as penas asociadas aos delitos de usurpación, que pasarían de multa a privación de liberdade dun a tres anos e contempla de maneira específica a figura das mafias de okupación



Así, axiliza o proceso penal para xulgar este tipo de delincuencia e para iso modifica a Lei de Axuizamento Criminal e a Lei do Xurado.

De igual maneira, amplía a reforma dos procesos civís, aprobada en xuño de 2018, para que as persoas xurídicas propietarias de vivendas ou posuidores lexítimos poidan exercer o seu dereito coa mesma axilidade que as persoas físicas á hora de recuperar a posesión das súas casas.

A nova normativa, de aprobarse, facultará tamén ás comunidades de propietarios, cando os ocupantes ilegais realicen actividades prohibidas ou molestas ou incívicas, para garantir a correcta convivencia veciñal. Ademais, considera nula a inscrición no padrón municipal cando a persoa inscrita sexa un okupa ilegal, modificando para iso a Lei de Bases de Réxime local.

Esta Proposición de Lei non regula os desafiuamentos hipotecarios nin arrendaticios nin ten como obxectivo regular os coñecidos “precarios” e deixa claro que esta normativa nada ten que ver coa que se aprobou en protección das persoas en situacións de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional cuxa protección se atopa definida en numerosas normas aprobadas polo Partido Popular.

Polas indubidables vantaxes sociais que esta iniciativa comporta, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **proposición non de lei en pleno**:

“1.- O Parlamento de Galicia manifesta o seu firme apoio á Proposición de Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, rexistrada no Congreso dos Deputados o 31 de xaneiro.

2.- O Parlamento de Galicia reclama das forzas políticas con representación parlamentaria que dean a súa aprobación a esta iniciativa normativa antiokupa, pioneira en España, por ser de interese xeral e necesaria para corrixir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades ilegais contrarias ao dereito á propiedade e á seguridade das persoas e as cousas.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/02/2019 17:20:03

Paula Prado Del Río na data 13/02/2019 17:20:18

Maria Antón Vilasánchez na data 13/02/2019 17:20:44

Jaime Castiñeira Broz na data 13/02/2019 17:20:52

Martín Fernández Prado na data 13/02/2019 17:20:59

Jacobo Moreira Ferro na data 13/02/2019 17:21:11

Marta Novoa Iglesias na data 13/02/2019 17:21:22

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/02/2019 17:21:47

Gonzalo Trenor López na data 13/02/2019 17:22:07

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/02/2019 17:24:01



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os Puntos de Encontro Familiar atópanse regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.

A intervención dos Puntos de Encontro Familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflictiva.

Sen embargo a normativa de protección xurídica ás crianzas modificouse ca Lei 26/2015 de 28 do xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que establece no artigo 2 e 11 no que se establece a primacía do interese superior do menor.

Por tanto, entendemos que resulta necesario fomentar que estes Puntos de Encontro Familiar sexan de xestión directa pública, garantindo o benestar social,





a normal evolución das relacións das crianzas cos seus pais, avós ou outros familiares, e garantir un acceso a estes servizos a toda a poboación que nalgúns casos ten que recorrer grandes distancias ou agardar quendas, especialmente no rural. Así, por exemplo, nin na comarca do Salnés, nin na do Morrazo, existen Puntos de Encontro Familiar, co cal as persoas deben desprazarse moitos quilómetros para ir ata outros.

As cantidades destinadas ao mantemento da rede dos PEF son desiguais entre as cidades, polo que nos gustaría coñecer os motivos polos que se dan estas diferenzas. Ademais, resulta fundamental, que se faga unha diagnose exhaustiva sobre o estado de todos estes, co fin de detectar posibles melloras.

O lugar onde están situados non é sempre o máis axeitado, así, por exemplo en Pontevedra, para chegar ata a entrada hai que atravesar un espazo que non ten iluminación dabondo.

Por todo o anterior exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. De crearse novos PEF estes serán centros públicos e con xestión directa pola Xunta de Galicia.
2. Garantir os principios reitores da acción administrativa nos PEF facilitando ás crianzas a asistencia axeitada no exercicio dos seus dereitos, primando sempre o seu interese superior, segundo o artigo 11 da Lei 1/1996 de 15 do xaneiro, de protección xurídica das crianzas, e do artigo 4 do Decreto 96/2014 do 3 de xullo que regula os Puntos de Encontro Familiar de Galicia.
3. Garantir con dotación orzamentaria suficiente o seu mantemento.





4.-Facilitar que todas as persoas, independentemente do lugar de residencia, poidan acceder a estes con facilidade, prestando especial atención á situación que existe no rural.

5. Impulsar, cando menos, a creación dun Punto de Encontro Familiar na comarca do Salnés, e outro na comarca do Morrazo, públicos e de xestión directa, buscando o punto máis axeitado, en colaboración cos concellos aos que daría cobertura, e garantindo os servizos de neutralidade e seguridade para todas as persoas usuarias.

6.- Realizar unha auditoría sobre a totalidade dos Puntos de Encontro Familiar galegos de maneira que se actualice a información dos centros no que atinxe a súa plantilla e cualificación, medidas de seguridade, idoneidade dos equipamentos, ubicación destes e modelos de xestión.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 18:23:46

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2019 18:23:58

Marcos Cal Ogando na data 13/02/2019 18:24:05

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 18:24:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo e Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As desigualdades de xénero están presentes en todos os espazos da vida, o mercado laboral non é unha excepción, de feito, as formas que adoptan estas neste ámbito son múltiples, sendo un problema permanente e estrutural que afecta ao conxunto das mulleres.

A pesar de existir lexislación específica para evitar estas, os datos amosan que aínda queda moito por avanzar para poder afirmar que existe igualdade neste ámbito.

Se analizamos os datos do INE, comprobamos como, a diferenza salarial entre os homes e mulleres de Galicia ascende ata os 5.480 euros de media.

A evolución da fenda salarial nos últimos anos ademais é moi negativa, pasouse dun 26,5% no ano 2014, ata un 30% na actualidade.

As razóns deste mantemento da desigualdade son múltiples. Por unha banda, os traballos asignados historicamente as mulleres, continúan a ser peor retribuídos fronte a empregos moi similares onde o emprego masculino é maioritario.

Se comparamos, por exemplo, o sector téxtil co metal, observamos como por





traballos e con categorías similares unha persoa que traballa na primeira, mulleres a maioría, como oficial especialista ten un salario bruto anual de 13.588 euros mentres que no metal, onde son homes maioritariamente, cobrarían 20.741 euros.

Por iso, compre facer unha comparación por sectores, analizando, por exemplo, a existencia de complementos salariais e a súa xustificación.

A maioría das medidas tomadas na actualidade van encamiñadas a resolver as diferenzas existentes nunha mesma empresa, isto é importante, xa que continúan existindo, pero debemos ter presente que esta é máis fácil de detectar e solventar, e atender a que o verdadeiro reto son as solucións sectoriais máis amplas. Polo que hai que avanzar propostas legislativas que eviten que se negocien os convenios de sectores feminizados a baixa.

A situación é especialmente preocupante nos tramos salariais máis baixos, xa que nestes, a fenda salarial é moito máis acusada. As mulleres somos as que temos empregos máis precarios con moita diferenza. Do conxunto das persoas traballando a tempo parcial, un 77% son mulleres.

O Parlamento Galego aprobou o 28 de decembro de 2016, a apertura dunha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020. Pero, a día de hoxe, non se coñecen avances nesta cuestión.

Por outra banda, unha das razóns de que persista a segregación vertical así como





a feminización da precariedade e do traballo parcial, é a distribución desigual do traballo de coidados. Mentres este non se reparta de maneira equitativa, as mulleres continuaran sendo discriminadas.

Somos as que coidamos de maneira moi maioritaria, pero esta realidade permanece oculta da maioría de enquisas.

Segundo datos do IGE do ano 2018, fronte as 26.200 mulleres con redución de xornada por coidados, había 1.500 homes. É evidente que as actuais políticas de fomento da conciliación e da corresponsabilidade non están sendo efectivas.

Estas desigualdades conlevan que a fenda de xénero se manteña nas pensións. Existe unha diferenza de 358 euros de media entre o que cobran os homes e as mulleres. Unha diferenza que condena a moitas pensionistas a ter unha retribución de miseria.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento do acordo parlamentario tomado o 28 de decembro do 2016 para lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020.
2. Elaborar unha estratexia galega para a eliminación da fenda salarial que teña como primeiro paso realizar un estudo cualitativo e cuantitativo sobre esta, que analice as diferencias entre traballos e categorías similares, contando para a súa elaboración coas organizacións feministas e coas centrais sindicais.





3. Implementar mecanismos, de maneira permanente, para mellorar os indicadores que forman parte das estatísticas acerca do emprego, superando a mera segregación por sexos, e incorporar os datos referidos ao tempo de traballo de maneira non remunerada, para avaliar a incidencia do traballo reprodutivo e categorizar o seu valor.
4. Levar adiante un plan para fomentar a implantación e cumprimento dos Plans de Igualdade no conxunto das empresas antes do ano 2020.
5. Implementar, no marco das súas competencias, os permisos de maternidade e paternidade iguais, intransferibles e remunerados ao 100%.
6. Presentar, no primeiro semestre do ano 2020, un plan, acompañado de plan orzamentario, que permita garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos, de xeito progresivo.
7. A instar ao Goberno do Estado Español para que:
 - a) Leven adiante un cambio na regulación do traballo a tempo parcial para facela máis garantista, derogando as últimas reformas laborais, que aumentan o grado de desprotección da clase traballadora, especialmente das mulleres.
 - b) Aumentar o número de inspeccións de traballo, levando adiante plans específicos de control das irregularidades en contra das mulleres.
 - c) Impulsar a transparencia na información que deben dar as empresas sobre o soldo dos seus empregados e empregadas, as cales han de publicar as retribucións completas (salario base e todo tipo de complementos) de mulleres e homes.





d) Demandar que se estableza un mecanismo de revalorización das pensións que asegure, cando menos, que se manteña o poder adquisitivo, facendo que medren cada ano o mesmo que o IPC.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Julia Torregrosa Sañudo
Manuel Lago Peñas
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 19:05:19

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 19:05:28

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 19:05:36

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 19:05:43





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros acordou a toma de razón do Plan de Acción elaborado pola Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF) para levar a cabo a segunda fase do proceso de revisión do gasto iniciado no ano 2018 e coñecido como *Spending Review*, que ten a súa orixe no compromiso asumido coa Comisión Europea o pasado 9 de decembro do ano 2016, dado o cumprimento á recomendación adoptada polo Consello da Unión Europea.

Nesta segunda fase, os beneficios fiscais son identificados como unha das áreas de revisión. Tal revisión permitirá coñecer a súa efectividade, algo especialmente relevante xa que a súa existencia supón unha diminución considerable dos ingresos tributarios do Estado.

O certo é que dende a Xunta de Galicia as bonificacións fiscais tamén son unha constante en tódolos orzamentos. Nos orzamentos do ano 2017 supuxeron un total de 553,4 millóns de euros, no orzamento do ano 2018 representaron un total de 405 millóns e nos actuais orzamentos aprobados, acadaron os 430 millóns de euros.

Sen embargo o que nunca se analizou foi o impacto que teñen tales bonificacións na propia dinámica de crecemento económico así como tampouco, o impacto que teñen sobre os ingresos públicos da Xunta de Galicia.





Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que encargue un estudo sobre o impacto dos beneficios fiscais na economía de Galicia ao correspondente Organismo Público, ben sexa de ámbito estatal ou autonómico.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 18:52:16

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 18:52:27

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 18:52:39



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia non foi unha excepción no proceso de endebedamento que sufriron a práctica totalidade das Administracións Públicas do sur de Europa. Tamén aquí a débeda privada se transformou en débeda pública como consecuencia da crise financeira e a xestión neoliberal da mesma.

En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no terceiro trimestre de 2018, é de 11.431 millóns de euros: un incremento do 190%

En case dez anos endebedámonos en 7.477 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas dúas veces mais que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Máis alá da comparación con outras CCAA, a realidade é que dende 2009 sufrimos un agudo proceso de endebedamento con graves repercusións sobre as contas públicas. No ano 2009 o pago de xuros foi de 111 millóns de euros é foron necesarios 246 millóns máis para pagar os vencementos de débeda. En total, o custe do servizo da débeda foi de 357 millóns de euros.

O orzamento de 2019 destina 165 millóns euros para pagar xuros e outros 1.513 millóns de euros para amortizar os préstamos que vencen neste ano, en total 1.678 millóns.





De 357 a 1.678 millóns de euros: o servizo da débeda multiplícase por case cinco veces dende 2009, o que ten consecuencias moi negativas sobre os orzamentos.

Durante todos estes anos sucederon diferentes feitos que poñen de manifesto unha clara falta de transparencia sobre cal é a realidade dos efectos xerados por todo este proceso sobre as contas públicas de Galicia. Dende o rexeitamento por parte da Xunta de Galicia a financiarse a través dos fondos proporcionados pola Administración Central, a posterior rectificación e o emprego de tales fondos, así como finalmente, a volta aos mercados financeiros a través da colocación anunciada pola Xunta de 400 millóns de euros.

Ante o exposto anteriormente, O Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que encargue ao Consello de Contas de Galicia unha auditoría sobre a débeda galega co obxectivo de coñecer, coa máxima claridade posible, as causas do incremento da mesma e analizar o impacto nas contas públicas galegas de todo o proceso descrito.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 18:44:08

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 18:44:18

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 18:44:28





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de agosto de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a orde do 7 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Bono emprega automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galiza e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Presuntamente, estas axudas atopábanse incardinadas na axenda 20 para o emprego, para impulsar o emprego estable e de calidade e acadar un novo modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta orde establecía as bases reguladoras para un programa de formación con contratación de persoas desempregadas nos sectores de actividade vinculados ao sector da automoción, e procedíase á convocatoria pública de axudas correspondente ao ano 2018 (procedemento TR301Y) denominado Bono emprega automoción e para o que as arcas públicas disponibilizaban 3 millóns de euros. Dita convocatoria foi pechada o pasado 1 de outubro de 2019.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector de automoción en Galiza é unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país. Asemade, as entidades públicas como a Xunta de Galiza conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción e cómpre fiscalizar a súa eficacia e impacto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a remitir á cámara un informe detallado sobre os resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción así como de todas as axudas e subvencións concedidas na presente lexislatura para este sector.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 19:15:09

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 19:15:14

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 19:15:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 19:15:19

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 19:15:21

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 19:15:23





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas e da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos.

Os datos evidencian que a capacidade exportadora da economía galega mantén un comportamento moi positivo. Mais tamén se evidencian dous importantes problemas nas exportacións galegas. A primeira delas é a forte dependencia do sector automobilístico e do sector téxtil e por outra banda, unha forte concentración das exportacións cara o mercado europeo.

Mais o principal problema témolo no número de empresas exportadoras. Segundo o indicador BAEXGA, o barómetro exportador de Galicia elaborado polo Foro Económico de Galicia, o noso territorio atoparíase por debaixo da media española nos catro indicadores con respecto ao número de empresas exportadoras. Así, pódese destacar que mentres no conxunto de España a porcentaxe de variación de empresas exportadoras aumentou nun 35,5% dende xaneiro a setembro do ano 2018, en Galicia ese aumento foi tan só do 6,7%. Deste xeito, se no ano 2017 o 4,5% das empresas exportadoras españolas resultaban ser galegas, no que levamos do ano 2018, dita porcentaxe redúcese ata o 3,5%. Isto implica que a porcentaxe de variación de empresas exportadoras de Galicia descendeu nun 1,4%.

Estes datos fan cuestionar profundamente os obxectivos do Plan de Internacionalización da Xunta de Galicia para o período 2015-2020. Dito plan





tiña por obxectivo o de situar a contribución do sector exterior sobre o PIB de Galicia no 40%, así como tamén, aumentar o número de empresas exportadoras ata as 8.000, para deste xeito reducir a distancia con respecto ao conxunto de España e para equipararnos co peso que representa a economía galega no conxunto do Estado. Mais o certo é que o número de empresas galegas exportadoras sitúase na actualidade nos 6.883, 1.117 menos que o obxectivo fixado de 8.000, 8.187 menos de empresas exportadoras que o País Vasco, 16.113 menos que a Comunidade Valenciana ou 75.697 menos que Madrid.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a revisar o vixente Plan de Internacionalización da Xunta co obxectivo de revertir a tendencia actual e acadar, como mínimo, os obxectivos establecidos no plan inicial.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 19:14:43

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 19:14:52

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 19:14:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A planificación que desde o ano 91 fai gala o PP a través dos sucesivos gobernos e dos titulares de consellerías vencelladas ó rural leváronnos a unha drástica e perigosa diminución de explotacións familiares ben dimensionadas e con base territorial dabondo para asegurar unha rendibilidade a proba de vaivéns, unha fixación de poboación necesaria e un impacto medioambiental discreto e asumible. Isto no sector leiteiro é preocupante nalgúns zonas, pero nos sectores avícola e porcino intensivos é dramático.

A situación medioambiental en determinadas zonas, provocada por ese modelo altamente intensivo de granxas e animais, vólvese nalgúns casos insostible dando proba diso as analíticas de augas e de solos con saturación de nitratos, de fosfatos, de metais pesados e mesmo de antibióticos.

Nalgúns destas zonas a presión é tal que a comarca non é quen de asimilar tanto residuo gandeiro xerando un problema de saúde pública e de política medioambiental.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xestión de residuos das granxas intensivas pode estar ligada á terra segundo unha normativa europea, pero esta ligazón debera ter un control e un seguimento e do mesmo xeito debera haber tamén control e seguimento do estado das terras e das augas nestas comarcas con saturación de explotacións deste tipo.

O caso é que A Limia e O Deza sen seren as únicas, presentan un grave problema de xestión de xurros ó que é preciso dar unha solución adecuada e satisfactoria cos sectores afectados evitando así que esta situación dane gravemente outros sectores agrogandeiros que coexisten con estes. Ignora-lo problema non fai máis ca agravalo.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que:

-Faga un seguimento, nas comarcas de alta densidade de granxas intensivas principalmente porcinas, da situación das augas, das terras e da xestión que se fai actualmente dos residuos gandeiros.

-Conforme, de xeito urxente, unha Mesa representativa con todo este sector para estuda-las alternativas posibles a esta situación alarmante.

-Recabados eses datos, feitos públicos e acordar as solucións de urxencia e alternativas posibles, presente un plan de rexeneración e de recuperación das zonas máis afectadas, nesta Comisión 7ª.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coma medida cautelar conxele as licencias para a instalación de novas granxas deste tipo nas comarcas máis afectadas.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 10:49:58

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 10:50:03

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 10:50:04

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 10:50:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 10:50:08

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 10:50:09





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á solicitude ao Goberno español de derogación da chamada Lei Mordaza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2008 desenvólvese unha folga no sector do Transporte na provincia de Pontevedra, co obxectivo de reclamar a mellora das condicións laborais e salariais do seu convenio colectivo. Pola súa participación nun piquete informativo, e malia non teren provocado ningún dano nin material nin persoal e limitarse a exercer os seus dereitos fundamentais (folga, libre expresión, reunión e manifestación), o 9 de maio de 2011 son condenados en primeira instancia os traballadores Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, polo Xulgado do Penal número 1 de Vigo, a unha pena de 3 anos de prisión en aplicación do artigo 315.3 do Código Penal.

Trátase do mesmo tipo delitivo que se ten aplicado, inxustamente, contra numerosos sindicalistas por parte dos xulgados españois nos últimos anos para tentar frear pola vía da criminalización a resposta sindical diante das vagas de recortes. Unha figura penal claramente abusiva e que colida co exercicio de dereitos fundamentais e liberdades civís.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2013, a Audiencia Provincial de Pontevedra, desestimaba o recurso presentado polas defensas de Carlos e Serafín, facendo firme a sentenza que os condenaba a tres anos de cadea e mais unha multa de doce meses. Diante desa inxustiza flagrante, solicitaron un indulto ao Goberno español, presidido naquela altura por Mariano Raxoi. A solicitude foi denegada en decembro de 2013. Para alén diso a fiscalía, baixo as ordes do executivo do Partido Popular, recorreu a decisión xudicial de paralizar a execución da sentenza até a resolución definitiva do indulto. Suspensión que finalmente permitiría evitar o ingreso en prisión destes dous traballadores.

En 2014 iniciouse de novo o proceso para unha segunda solicitude de indulto, que contaría co apoio expreso do Parlamento Galego (a través de dúas declaracións unánimes), da Deputación de Pontevedra, do Concello de Vigo e doutros municipios da comarca. Tamén se recolleron 25 mil sinaturas a prol da súa liberdade sendo palpábel que a demanda de indulto contaba cun clamoroso apoio social.

Despois cinco anos desa segunda solicitude, seis desde a sentenza firme e once desde a realización daquela folga, o Goberno español acordou conceder o pasado 11 de febreiro o indulto parcial conmutando a súa pena de prisión por unha multa económica. Medida de gracia condicionada á non comisión de delitos nos seguintes tres anos. Unha decisión que se ben supón a fin do calvario vivido por dous traballadores inocentes e as súas familias durante máis dunha década, non resolve a cuestión de fondo, que ten a ver con que o exercicio pacífico e democrático de dereitos fundamentais, máxime nun contexto de acción sindical, non pode supor, baixo ningún concepto, o risco de perda da liberdade nin reproche penal ningún.

Faise evidente que o proceso contra Carlos e Serafín sobardaba, desde un inicio, o marco concreto do seu conflito laboral. Tratábase dunha medida de escarnio que só perseguía desincentivar a protesta social a través da súa criminalización precisamente





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nun momento, en plena crise e durante a aplicación de duros recortes antisociais son a súa coartada.

Aliás, no referido á conflitividade laboral faise necesaria, pola contra, a efectiva protección dos dereitos sindicais e singularmente o dereito a folga -tal e como ten reclamado de maneira reiterada a propia Organización Internacional do Traballo-, enmarcando a acción dos piquetes informativos como unha acción mobilizadora lexítima que exerce de medida de contra-coacción face as presións da patronal empresarial no exercicio da súa posición de poder sobre os traballadores e traballadoras.

En consecuencia, garantir o libre exercicio de dereitos fundamentais, entre os que se inclúe a folga e a liberdade sindical, que son clave de bóveda de calquera réxime que se queira definir como democrático, exige poñer fin á lexislación de excepción que pretende coartalos pola vía penal e que hoxe fica en vigor no Estado español.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Dirixirse ao Goberno español esixindo:
 - a) A derogación inmediata da Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, coñecida como Lei Mordaza.
 - b) A reformar o Código Penal para suprimir o seu artigo 315.3, acometendo os cambios lexislativos que foren precisos para sobreeser as causas xudiciais abertas e en





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

curso motivadas nese artigo, así como a anulación de todas as condenas xudiciais ditadas na súa aplicación.

2. Que no exercicio das súas competencias como Autoridade Laboral actúe de maneira efectiva para garantir o exercicio dos dereitos e liberdades sindicais e, singularmente, o dereito a folga.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 11:16:57

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 11:17:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 11:17:33

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 11:17:35

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 11:17:36

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 11:17:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días denunciouse o uso represivo da lei mordaza por parte da Subdelegación do Goberno en Pontevedra contra cinco militantes de Galiza Nova por facer un mural coa lenda “Por unha Galiza diversa” e as cores que simbolizan a defensa dos dereitos das persoas LGBT (lesbianas, gais, bisexuais e transexuais).

Os feitos tiveron lugar o pasado 27 de outubro DE 2018 e os cinco mozos e mozas foron identificados pola Garda Civil, que tramitou unha denuncia aplicando a Lei mordaza. A denuncia foi cursada pola Subdelegación do Goberno en Pontevedra, que incoou un expediente sancionador por “Danos ou deslucimento de bens de uso ou servizo público” e propuxo unha sanción de 300 euros para cada un/ha.

Para o BNG estamos ante un uso claramente desproporcionado e represivo dunha lei aprobada polo Partido Popular e aplicada polo PSOE, que cando estaba na oposición defendía a súa derogación e agora aplícaa para reprimir a liberdade de expresión e a loita en defensa dunha Galiza diversa.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos que os cinco militantes de Galiza Nova simbolizan unha mocidade comprometida, xenerosa e altruista, que debe ser obxecto de recoñecemento e non de represión. E para nada fixeron un acto que danou ou desluciu bens públicos, máis ben fixeron un acto que engrandece o valioso patrimonio colectivo que é defender unha sociedade igualitaria e diversa.

O uso represivo da lei neste e noutros moitos casos forma parte dun proceso de involución democrática e de regresión en materia de dereitos e liberdades: o mesmo Estado que persegue a demócratas e a persoas defensoras de dereitos humanos fundamentais como os da causa LGBT, é permisivo con actitudes e declaración machistas, homófobas e fascistas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. A derogación da lei mordaza (Lei 2/2015 de Protección da Seguridade Cidadá), polo seu carácter represivo e polo seu uso abusivo para perseguir e reprimir dereitos e liberdades fundamentais.

2. O arquivo do procedemento sancionador contra cinco militantes de Galiza Nova que foron multados con 1.500 euros por facer un mural co lema “Por unha Galiza diversa”, en defensa dos dereitos das persoas LGTB.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 11:21:10

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 11:21:15

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 11:21:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 11:21:19

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 11:21:20

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 11:21:22



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Esta Proposición non de lei entendemos que será apoiada por todos os grupos, pois estamos a falar de xustiza, de igualdade, de equidade, de protección da veciñanza, de garantir servizos de calidade, de estar á altura das necesidades das persoas.

Falamos de comezar a compensar unha débeda histórica coa a parroquia de Chapela e o barrio de Teis que levan 30 anos padecendo as problemáticas de estar atravesadas pola autoestrada e nunha situación de abandono por parte das institucións.

A veciñanza de Chapela e Teis vén padecendo un mantemento moi deficiente da autoestrada durante estes 30 anos que é case inexistente; a falta de iluminación ou un taluz abandonado chegando a haber árbores de ata catro metros (dentro dun casco urbano) son exemplos deste desleixo.

A parroquia de Chapela e o barrio de Teis están partidos pola autoestrada, levan décadas soportando rúidos e abandono. Os últimos anos estiveron padecendo as enormes molestias das obras de desdoblamento e, agora, para rematar o despropósito, ven como a promesa da eliminación da peaxe de Rande e a





conversión en vía urbana do tramo da AP9 en Teis, segue sendo só iso, unha promesa.

É por iso que as asociacións de veciñas de Chapela e Teis veñen de convocar novas accións: están colaborando na recollida de sinaturas, preparando unha viaxe ao Congreso para reunirse cos distintos grupos e teñen convocada unha nova manifestación o 23 de febreiro, ás 18:00 horas, para esixir a supresión da peaxe da AP9 e para que se avance na conversión en vía urbana do tramo de autoestrada entre Torres de Padrín e o centro da cidade de Vigo.

Existe un consenso cidadá entorno a estas necesidades, e tamén un consenso político, polo que o único que falta é que se executen as actuacións para dar resposta a este consenso.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado:

1. Facer efectiva, no primeiro semestre deste ano, a eliminación da peaxe de Redondela.
2. Avanzar nas actuacións para a reconversión en vía urbana do tramo de autoestrada entre Torres de Padrín e o centro da cidade de Vigo.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.





Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 14/02/2019 11:59:02

Antón Sánchez García na data 14/02/2019 11:59:09



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A depuración das augas residuais é unha cuestión de enorme importancia na preservación do medio ambiente e a saúde das persoas que en Galicia non está sendo atendida coa rigorosidade e responsabilidade que merece por parte da Xunta de Galicia, e é, por iso, que contamos con multitude de puntos negros, dende aliviadoiros por todo o país vertendo augas sen tratar a ríos e rías, así como deficiencias en zonas densamente poboadas do territorio galego que non cumpren coa directiva europea en xestión de augas residuais, e que teñen feito que a UE abraise expediente e sancionase ao Estado español 17 anos despois da data límite fixada pola UE, o que amosa o desleixo da administración.

A esta realidade non é alleo o Concello de Ponteareas e, nomeadamente, o río Tea, que está a sufrir agresións constantes como veñen denunciando dende o grupo ecoloxista ADENCO e como puidemos comprobar dende o noso grupo nunha visita a este fermoso entorno, cunha riqueza de biodiversidade que é preciso coidar e preservar.

O sistema de depuración de augas residuais de Ponteareas é moi deficiente, incapaz de xestionar o volume que recibe, e é por iso que os aliviadoiros que





verten ao río Tea derivan auga sen xestionar moi habitualmente, provocando unha agresión medioambiental que está mermando as poboacións de diferentes especies de flora e fauna, algunhas delas en situación xa moi alarmante, como amosan os datos dos diferentes estudos realizados no lugar.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a poñer en marcha as actuacións precisas en Pontearreas para rematar cos vertidos de augas residuais sen tratar no río Tea.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 14/02/2019 11:56:39

Antón Sánchez García na data 14/02/2019 11:56:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O dereito de adquisición preferente por parte da Administración nas posibles transaccións no caso de vivendas protexidas ten por obxecto contar coa posibilidade de control sobre a regularidade das transmisións realizadas, así como dotarse dun mecanismo para a obtención dun parque de vivendas vinculadas a políticas sociais e para atender a situacións de necesidades socialmente perentorias. Este dereito pode ser invocado pola Administración autonómica, tal e como se recolle na actualidade no artigo 75 da *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*, cando establece que “o *Instituto Galego da Vivenda e Solo terá dereito de tenteo e retracto sobre as vivendas protexidas e os seus anexos mentres dure o réxime de protección, nas segundas e posteriores transmisións inter vivos, sexan gratuítas ou onerosas, incluídas as derivadas de procedementos de execución patrimonial*”, regulando a continuación o procedemento para levalo a efecto.

No último pleno sobre Debate anual de política xeral, aprobouse por unanimidade a resolución pola cal o Parlamento instaba a Xunta de Galicia a impulsar e abrir novos obxectivos na súa política de vivenda comprometéndose ampliar progresivamente o peso do parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, singularmente naqueles concellos cunha maior demanda non atendida, co obxecto de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, e apostando preferentemente polo réxime de alugamento.

Para poder acadar ese fin, un dos modos máis eficaces sería comezar por evitar a perda de máis vivenda con carácter social e adquirir aquelas vivendas en comunidades ou edificacións que con proteccións oficial, tal que puidesen pasar a formar parte do parque público, como un activo máis, para dedicalas a cumprir coa finalidade social, preferentemente alugándoas a familias de alta vulnerabilidade.



Así como nalgúñas comunidades autónomas ou concellos, os seus gobernos venderon vivendas sociais aos denominados fondos voitre, noutras, como o exemplo da Comunidade de Canarias, véñse de formalizar a compra de vivendas, precisamente para evitar a situación de alta vulnerabilidade na que quedaban moitas das familias e a recuperación das mesmas para o parque de vivenda pública.

En Galicia, non parece que a Administración autonómica teña decidido optar por esta vía para fornecer o seu parque público de vivendas, pese a existir un número considerable de vivendas con algún tipo de protección, co perigo que elo supón de consentir transaccións especulativas, en lugar de ser adquiridas polo Goberno galego para aumentar o parque de vivendas sociais para poder contribuír a garantir o acceso á vivenda dos colectivos sociais máis vulnerables.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de seguimento e opción de compra da vivenda protexida, co fin de promover a súa adquisición por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo e de incorporala ó parque público de vivenda, fixando criterios obxectivos a analizar, tales como:

- Nivel de demanda existente, reflectida no Rexistro Único de Demandantes da Comunidade Autónoma de Galicia, para as localidades ou áreas xeográficas nas que se atopen as vivendas.
- Determinación das necesidades dos colectivos máis vulnerables (mocidade, maiores de 65 anos, persoas con diversidade funcional, familias cun único ou única proxenitora, ...)
- Especiais condicións arquitectónicas da edificación, grao de adaptación e accesibilidade.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/02/2019 14:07:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/02/2019 14:07:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46343
Data envío: 14/02/2019 14:09:41.010

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2019 14:07:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2019 14:07:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-cGD0hwj6z-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia dispón como obxectivo da propia lei a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, para servir como ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego a prol dos intereses da cidadanía.

Constitúe este patrimonio cultural do noso país os bens mobles, inmobles, ou manifestacións inmateriais que polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, teñan que ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo e tamén aqueles nos que non concorran todos os valores enumerados, que se atopen en Galicia, independentemente do lugar no que fosen creados.

Neste contexto, un dos Bens de Interese Cultural máis importante, declarado como monumento nacional no ano 1931, sito no concello de Oia, é o Mosteiro cisterciense de Oia.

Mediante a disposición adicional primeira da Lei 5/2016, todos os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia coa condición de bens de interese





cultural anteriormente a esta lei manteñen esa condición e someteranse ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes bens.

O mosteiro sitúase na enseada de Oia e algúns historiadores cren que se asenta sobre un castelo. Datado do ano 1137 medrou polas xenerosas doazóns reais, ademais dos privilexios sobre a representación das parroquias, impostos sobre botaduras de navíos, pesca, e outras. Nado como unha congregación austera baixo a regra de San Bernardo, mostra a simplicidade nas formas arquitectónicas que mostran os ríxidos canons de Claraval, cunha construción en socalcos. É unha fortaleza e foi recinto defensivo do reino de Galicia, ante as incursións portuguesas e piratas, contando con persoal armado.

Posteriormente, foi campo de concentración durante a guerra civil.

Inda que forma parte do patrimonio cultural de Galicia e constitúe un dos conxuntos arquitectónicos único no mundo, por ser o único cenobio cisterciense a carón do mar en Europa, non conta cunha infraestrutura e una política de turismo e imbricación tal, que potencie as visitas ao mesmo e ao vasto patrimonio cultural existente na vila de Oia e no concello.

Así, outra das marabillas é o seu emprazamento, nunha costa batida polo Atlántico que entronca con Portugal a través de numerosas rutas, actuais e antigas como o Camiño portugués da costa, actualmente cun incremento do número de visitantes e peregrinos e que cun axeitado impulso facilitaría tanto o coñecemento deste camiño de peregrinación como que se visitase o concello e os seus sitios máis emblemáticos.

Outras manifestacións culturais importantes son o castro de Canos dos Mouros e petróglifos de Cabeciña, na Punta Centinela, onde se atopan os restos dunha fortificación castrexa feita na Idade Media; os petróglifos da Pousadela, na parroquia de Pedornes, Figueiredo, nos que se representa a única embarcación





da antigüidade representada nos petróglifos da Laxe de Auga dos Cebros, co que os primeiros poboadores da zona deixaron constancia da existencia das relacións comerciais co sur do continente fai 4.000 anos, a escena de caza da Pedra do cazador con cervos e os motivos xeométricos, ademais dos petróglifos da Pedreira no mirador da Riña.

Ademais conta tamén con numerosas igrexas como a ermida de San Sebastián, a igrexa de Pedornes, a igrexa de Viladesuso, a igrexa de Mougás, e un faro que limita entre o concello de Oia e o de Baiona.

A propia Cámboa, elemento singular en Galicia necesita unha reconstrución para valorar esta estupenda obra arquitectónica da súa época, o arrabalde da vila, vinculado ao mosteiro, as hortas nas que secultivaban plantas medicinais, os muíños, a casa da culpa que contén esa lenda coa data de 1816 conforman un conxunto histórico salpicado de numerosos sitios que conxuntamente considerados farían de Oia, vila e concello, un dos numerosos sitios de obrigada visita co impulso institucional que se merece.

É necesario que todo este conxunto, formado polo mosteiro de Santa María de Oia, os muíños do río Lavandeira, o acueduto e o pombal; a Cámboa, o porto e a enseada; a Centinela, a casa do concello, o barrio do Arrabalde expoñente da cultura mariñeira, baseada na pesca artesanal ata a capela de San Sebastián, fontes, prazas, cruceiros, petróglifos e outras manifestacións culturais, se revaloricen cunha denominación única decidida entre a veciñanza, os sectores económicos e os institucionais do concello, e a administración autonómica, co fin de mellorar a calidade de vida, poñendo o foco no turismo de calidade, e nas potencialidades e o impacto que ofrece este sector, enfocado á fixación da poboación no rural, a mellora e fortalecemento da saúde económica e cultural das nosas vilas e por extensión da cidadanía de Galicia.





Isto pode levarse a cabo a través do recoñecemento a través do artigo 10.1.g da Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galicia, que daría acceso aos plans especiais de conservación patrimonial da Xunta e o acceso a axudas específicas para conxuntos históricos, que contan con promoción turística institucional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar todas aquelas actuacións en colaboración coa veciñanza e co concello de Oia e outras institucións para declarar Ben de Interese Cultural o conxunto histórico-artístico Oia, Arrabalde, Vila Mariñeira pola vía do artigo 10.1.g da Lei 5/2016.
- 2.- Realizar todos aqueles informes, delimitación e composición dos bens integrantes de dito conxunto, así como daqueles que illados ou pertencentes a outras vilas do concello formen parte do mesmo conxunto, con delimitación individual, que se anexarán para a solicitude da declaración do BIC; así como a delimitación consensuada da zona de amortecemento
- 3.- Promover e facilitar as consultas e alegacións da veciñanza nesta declaración BIC Oia –Arrabalde- vila mariñeira, a través de todas as canles, e tamén das institucións e sectores económicos.
- 4.- Realizar campañas de promoción da vila e do concello durante a tramitación e posteriormente.
- 5.- Promover a apertura de negocios turísticos conforme a unha política de turismo de calidade que cumpran co triplo obxectivo de promoción, de





fixación de poboación e mellora da poboación en canto a oportunidades de traballo e economía.

6.- Realizar un plan de promoción turística transfronteiriza con Portugal na promoción do Camiño Portugués, tanto da costa como interior, coordinado cos concellos limítrofes, polos que discorre.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Perez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/02/2019 14:32:43

Luca Chao Pérez na data 14/02/2019 14:32:50

Luis Villares Naveira na data 14/02/2019 14:32:57



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A vida das mulleres está atravesada polas desigualdades e as violencias en todos os ámbitos da súa vida. No que vai de ano, aconteceron máis de dez feminicidios.

No mercado laboral as mulleres continúan a ser as máis precarias, as que teñen maioritariamente os empregos a tempo parcial e as que cobran moito menos. A fenda salarial pasou dun 26,5% no ano 2014, ata un 30% na actualidade.

Ademais o traballo de coidados está moi lonxe de ter un reparto equitativo. As mulleres realizan moitas horas de traballo de maneira totalmente gratuíta e invisibilizada. As políticas de conciliación están sendo totalmente insuficientes, así o amosan os datos que acerca das excedencias por coidados, onde se comprobán que case a totalidade destas son collidas polas mulleres.





Este reparto desigual comeza no momento do nacemento ou adopción das crianzas, xa que os permisos de maternidade e paternidade están lonxe de equipararse.

Ademais, as políticas dos últimos anos de recortes en sanidade, servizos sociais, educación, e dependencia, repercutiron moi negativamente na vida das mulleres, aumentando a carga deste traballo gratuíto.

Os dereitos sexuais e reprodutivos continúan sen respectarse. Recentemente coñeciamos que Galicia está a cola na ratio de matronas, contando con pouco máis de 300 matronas no sistema público, con apenas 0,12 por cada 1000 persoas, cando a media española se sitúa en 0,18. Este é un exemplo que evidencia o desleixo da Xunta de Galicia na atención ás mulleres.

Por todo iso, un ano máis, este 8 de Marzo terá lugar unha folga feminista. Pararanse os coidados, o emprego, o consumo e a vida estudantil e asociativa.

Para reclamar unha vida en liberdade, sen medos, e sen retroceso nos dereitos das mulleres.

Na xornada histórica do 8 de marzo do ano pasado a Xunta de Galicia obstaculizou, de maneira consciente, o libre exercicio do dereito a folga. Os servizos mínimos decretados foron abusivos e esaxerados, sen que responderan a ningún criterio racional, a non ser o de boicotear ao feminismo galego.

Vulnerou este dereito, a lo menos, no centro de emerxencias 112, no Parque das Illas Atlánticas e na CRTVG. Algo totalmente intolerable e do que debe facer autocrítica.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:





O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar a folga feminista convocada o 8 de Marzo, así como todas as reivindicacións que motivan esta.
2. Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito de folga por parte de todas as traballadoras dependentes da Xunta de Galicia que desexen participar desta.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 16:56:07

Marcos Cal Ogando na data 14/02/2019 16:56:18

Carmen Santos Queiruga na data 14/02/2019 16:56:30



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á prohibición de cacerías de raposos en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano En Marea instou a Xunta de Galicia a poñer coto aos campionatos de caza de raposos. Todas estas cacerías foron auténticas matanzas de raposos sen ningunha xustificación ambiental, se é que nalgún caso pódea habela.

En vez de escoitarnos e sobre todo escoitar o clamor popular en contra destas prácticas tan rexeitables, a Xunta de Galicia fixo caso omiso e este ano redobrou o seu apoio a estas actividades.

Todos os campionatos foron promocionados e patrocinados pola Xunta de Galicia, como se demostra nas convocatorias dos mesmos e na sinalética que se instala nos lugares das cacerías, un feito aberrante para En Marea.

A matar raposos non nos gaña ningún debe de ser o lema da Xunta de Galicia. Para isto si hai cartos.

Outra consecuencia rexeitable destes chamados campionatos e batidas é a ocupación masiva e privativa do territorio impedindo outro tipo de actividades respectuosas co medio ambiente.

Estas axudas forman parte do escandaloso convenio asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Caza para organizar campionatos onde se matan raposos e outros animais silvestres, e promover a actividade cinexética mesmo entre





menores de idade en idade escolar. Mediante este convenio da Secretaría Xeral para ou Deporte da Xunta de Galicia subvenciona á Federación Galega de Caza para organizar estas matanzas. Pero hai moito máis.

A Xunta vai máis aló de simple financiador dos cazadores. No convenio asinado o 24 de abril de 2017 entre a Secretaria Xeral para o Deporte, Marta Miguez Telle, e o presidente da Federación Galega de Caza, a Xunta alenta que se organicen estes campionatos e se promova a actividade cinexética, mesmo entre nenos en idade escolar. Estes son algúns dos delirantes puntos do convenio:

1.- **PROMOVER A SAÚDE MENTAL MATANDO ANIMAIS:** a Xunta xustifica así este convenio "O interese público deste convenio radica na necesidade de promover o deporte como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico"

2.- **A Xunta OBRIGA Á FEDERACIÓN DE CAZA A QUE SE CACE MÁIS:** entre as obrigacións que a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia establece á Federación Galega de Caza para entregarlle máis de 28.000 euros ao ano está "Incrementar a práctica da súa modalidade deportiva no ámbito da nosa comunidade, promover o incremento de clubs adscritos á federación e de licenzas deportivas" (punto 4.3.2.c de obrigacións do convenio)

3.- **PROMOVER A REALIZACIÓN DE CAMPIONATOS E COMPETICIÓNS, SOBRE TODO ENTRE OS MOZOS EN IDADE ESCOLAR:** isto parece sacado dunha película de Berlanga, o convenio indica entre as obrigacións que impón a Xunta aos cazadores, "Realizar campionatos e competicións con especial interese as encamiñadas a mozos e mozas en idade escolar". (punto 4.3.2.j de obrigacións do convenio)

4.- **OBRIGACIÓN DE ASEGURAR A PRESENZA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE EN TERMOS PUBLICITARIOS:** Queda por tanto claro que a Xunta de Galicia non é un simple financiador, senón que é un





instigador e promotor dos campionatos de caza de raposo e doutros animais, así como da actividade cinexética en xeral, mesmo entre nenos. E está moi orgullosa diso e, por tanto, esixe que os seus logos formen parte da publicidade destas denigrantes actividades.

Por outra banda na Resolución de 19 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que desenvolve anualmente a Lei 13/2013 de caza de Galicia no seu artigo 15.1.d decrétase que co fin de apoiar a **consecución da finalidade perseguida polas actuacións de xestión**, as persoas titulares do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza poderán autorizar en toda a superficie dos tecores e explotacións cinexéticas comerciais, batidas e esperas ao raposo cando se planificaron e executaron actuacións de mellora sobre aquelas poboacións cinexéticas que poidan ser afectadas negativamente polo raposo. **Para autorizar estas “batidas de xestión”**, previamente deben ser solicitadas polo/a titular do aproveitamento cinexético, mediante o calendario do plan anual de aproveitamento, fixando as xornadas de caza nas que se realizarán as batidas, **quedando xustificada a súa necesidade** ao facer referencia ás actuacións de mellora sobre as poboacións cinexéticas reflectidas no Plan anual de aproveitamento cinexético. Os campionatos mencionados nesta exposición de motivos non parecen ter nin xustificar ningún obxectivo de xestión da especie, polo que serían ilegais.

Non existen estudos científicos que demostren a sobrepoboación de raposos nos montes de Galicia, como argumentan os cazadores, e as consecuencias de incendios e outras accións sobre o medio ambiente levan a pensar xusto o contrario.

A matanza indiscriminada e sen control desta especie depredadora pode supor un enorme desequilibrio ambiental, podendo implicar a proliferación de roedores e outros animais moi prexudiciais para a agricultura. Por outra parte os raposos son





unha moi eficaz ferramenta para eliminar da natureza animais enfermos ou con afeccións as ou pragas moi prexudiciais para o gando, sobre todo o extensivo. Os supostos danos producidos polo raposo, nunca avaliados seriamente, son irrelevantes comparados coas consecuencias da súa eliminación dos seus hábitats.

Por outra parte, o teórico obxectivo de control da especie por estes métodos demóstrase totalmente ineficaz.

Ante todo o exposto, e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir de maneira urxente e a este fin, En Marea presenta a seguinte

Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver estudos científicos para coñecer o verdadeiro estado poboacional do raposo en Galicia e a partir destes estudos determinar, no seu caso, a mellor maneira de facer un control do mesmo.
- 2.- Mentres non se dispoña das conclusións do mencionado estudo do punto anterior, prohibir a caza de raposos en todo o territorio de Galicia
- 3.- Retirar todo tipo de axuda económica a este tipo de actividades. Neste eido anular o convenio de subvencións que a Secretaría Xeral para o Deporte ten coa Federación Galega de caza.
- 4.- Instar a Xunta de Galicia a modificar a Lei de Caza 13/2013 para prohibir en Galicia todo tipo de campionatos de caza onde se poidan causar danos de maneira intencionada ou a morte de animais.



5.- Instar a Xunta de Galicia a modificar a Lei de Caza 13/2013 para prohibir a presenza de menores de 18 anos en todo tipo de cacerías.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 14/02/2019 17:42:11

Marcos Cal Ogando na data 14/02/2019 17:42:20

Luis Villares Naveira na data 14/02/2019 17:42:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás accións a realizar pola consellaría de sanidade para solucionar as gravísimas irregularidades que se están cometendo no transporte sanitario terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, puxéronse en contacto cos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza para facernos chegar a carta que a continuación transcribimos dirixida ao Conselleiro de Sanidade e demandándonos actuacións para solucionar a grave situación que denuncian:

“ Estimado Sr. Conselleiro

Dende esta Asociación Profesional, poñémonos en contacto con vostede co fin de transmitirle a nosa preocupación e alarma ante as gravísimas irregularidades que presuntamente estanse cometendo por parte de empresas e persoal do Transporte Sanitario.

O que nos están comunicando acotío decenas de compañeiros/as TES, Médicos, DUEs e estudantes de TES e de Enfermaría, é dunha gravidade tal que precisa a



intervención inmediata da Administración, para que faga as consultas necesarias e, se corresponde, envíe a documentación á Fiscalía para que exerza as accións legais pertinentes.

Recomendámoslles que establezan con urxencia un protocolo de verificación do persoal que está a desempeñar o seu posto de traballo nas ambulancias tanto A1 e A2 como nas B e C, que a Administración ten subcontratada con empresas privadas, xa que hai un Real Decreto que regula a formación necesaria RD 22/2014, ademais do Decreto 52/2015 de Galicia.

Temos constancia de casos nos que non se cumpren, incorrendo presuntamente nun delito tipificado no Código Penal de intrusismo laboral, que é permitido por empresas privadas, que tamén traballan subcontratadas (esporadicamente ou a diario, debido á escaseza constante dos recursos da Rede de Transporte Sanitario Urxente, tutelada pola FPUS de Galicia-061), para a Administración Pública de Galicia, causando unha deficiente atención aos pacientes coa posibilidade real dunha incorrecta asistencia sanitaria, de consecuencias impredecíbeis, as cales poden ser responsabilidade das empresas, pero tamén da Administración como responsable subsidiaria.

Temos constancia tamén de que hai ambulancias procedentes de outras CC. AA. que están incumprindo o Decreto 52/2015 de Galicia no referente a súa rotulación exterior, pero incomprendiblemente algunhas veñen de pasar irregularmente a súa primeira inspección sanitaria en Galicia, onde agora traballan regularmente.

Solicitamos a revogación inmediata das Certificacións Técnico-Sanitarias a todas as ambulancias que están incumprindo o Decreto citado, en concreto e como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mínimo, o ANEXO 1, Apartado A, no que se especifica a cor na carrocería: “Euro Yellow RAL 1016”, e os sub-apartados a), b), c) e d).

Rogamos se establezan mecanismos para a comprobación da correcta titulación ou certificación do persoal de todas as ambulancias que traballan para o SERGAS/FPUS de Galicia-061, tanto directamente como esporadicamente pero con asiduidade, polo ben e os intereses dos profesionais que si posúen a formación regrada, polo ben dos pacientes e a súa saúde e polo ben das empresas que si cumpren a Lei.

De todas estas graves irregularidades se lle informou con todo detalle directamente á Dirección da FPUS de Galicia-061 nunha reunión celebrada o pasado 12 de xaneiro. Pero transcorrido un prazo de cortesía máis que xeneroso e a pesar de que momentaneamente parecía que se estaban investigando, inspeccionando e xestionando as informacións que lles explicamos, os compañeiros/as nos seguen dicindo a diario que todo continúa igual e que está incumpríndose gravemente a lexislación vixente.

As Asociacións Profesionais estamos obrigadas a defender aos nosos compañeiros/as, Profesionais Titulados, ante ilegalidades como a de individuos “que exerzan actos propios dunha profesión sen posuír o correspondente título académico expedido ou recoñecido en España de acordo coa lexislación vixente” (Artigo 403 do Código Penal).

Diante da gravidade dos feitos que se denuncian, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que proceda a realizar unha inspección xeneralizada no transporte sanitario terrestre, que a Xunta ten externalizado con empresas privadas, para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas pola Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia nesta carta, se obrigue ás empresas á súa corrección e se abran os expedientes sancionadores, ou accións legais pertinentes, segundo se verifiquen as irregularidades e a gravidade das mesmas.

-Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 17:46:07

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 17:46:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 17:46:14

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 17:46:15

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 17:46:17

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 17:46:18



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao mantemento dos postos de traballo que Vodafone ten en Galiza.

O incremento da liberalización do sector das telecomunicacións e, como consecuencia, a sucesiva modificación da cualificación do mesmo, que pasou de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este sector entre outras cuestións na destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

Un claro exemplo é a empresa Vodafone, que ven de presentar un ERE o 24 de xaneiro, o terceiro en seis anos que vai afectar a nivel do Estado a 1200 traballadores/as arredor do 25% do seu cadro de persoal, e en Galiza entre o 23 e 25%.

Mais unha vez unha empresa multinacional que ten beneficios usa os instrumentos que puxo á súa disposición as reformas laborais contra os traballadores/as, con despedimentos, explotación, sobrecarga de traballo.

Diante desta pretensión o Goberno galego non pode ficar indiferente, debe actuar, sobor de todo tendo en conta que ten contratos de subministro de servizos con esta empresa, e está moi avanzado un proxecto para o despregue de alta velocidade, do que xa se fixo o estudo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns formúlase a seguinte interpelación:

1. Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante da pretensión da empresa Vodafone de realizar un novo ERE, que pode afectar a entre o 23 e o 25% do cadro de persoal que ten en Galiza?
2. Ten realizado algún contacto coa empresa?
3. Vai facer valer a condición da Xunta de Galiza de cliente da empresa e o proxecto para o despregue de alta velocidade no que teoricamente tamén vai participar esta empresa ?
4. Coida que Galiza pode seguir perdendo emprego no sector das telecomunicacións mentres as empresas seguen a obter beneficios no noso país?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 18:31:28

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 18:31:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 18:31:35

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 18:31:36

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 18:31:38

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 18:31:39



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 13 de abril de 2007, publicábase no Diario Oficial de Galicia a Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións sindicais e empresariais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei dirixida a mellorar a calidade de vida das mulleres e ampliar os límites da democracia. Unha iniciativa que partiu da base de que a metade da poboación, as mulleres, cada día están máis formadas culturalmente, máis cualificadas profesionalmente e máis decididas a participar en igualdade no sectores produtivos. E que, pola contra, son as que sofren prexuízos relacionados coas súas responsabilidades dentro e fóra do centro de traballo.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a mulleres e homes imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

Porque nelas recaen na meirande parte dos casos as obrigas familiares que dan lugar ao que se denomina xornada interminable. Así mesmo, a visión negativa e falsa de que a maternidade supón unha baixa produtividade e absentismo laboral. De aí o teito de cristal que impide na práctica que as traballadoras accedan a postos de responsabilidade e decisión e, polo tanto, de maior retribución e status profesional.

Desde o Grupo Socialista entendemos que a igualdade salarial resulta crucial nas políticas de igualdade, dado que o abarca todo nesta política: segregación de espazos, repartición do tempo, valor asignado ao traballo e identidade de xénero. E tamén porque a superación da fenda salarial entre homes e mulleres está directamente condicionada polas políticas económicas, produtivas, de emprego, educativas e sociais nas que estas se inscriben.

A desigualdade salarial supón que as mulleres na nosa comunidade autónoma sexan vítimas dunha intolerable fenda salarial. Con datos de 2016, os últimos



valores dispoñibles da Enquisa Anual de Estrutura Salarial publicada polo INE en data 29 de maio de 2018, o salario medio anual das traballadoras galegas é de un 23,05 % inferior ao dos homes. En Galicia a ganancia anual dos homes é de 23.774,21 € mentres que a das mulleres é de 18.294,47 €. Hai, polo tanto, unha diferenza de retribución de 5.479,74€ nas retribucións entre homes e mulleres. Aumentando esta fenda salarial con respecto a 2015 no que a diferenza se situaba en 5.096,50 € anuais, cobrando as mulleres un 21,98 % menos que os homes.

Desde o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferencias nas condicións de traballo e, en particular, na remuneración entre homes e mulleres.

Tendo en conta os obxectivos recollidos na actual lexislación vixente, as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para combater a fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2019 10:43:51

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2019 10:44:01

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2019 10:44:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

Un dos retos de futuro para Galiza é combater a consolidación da pobreza, unha tarefa que non acaba de ser compatíbel coas decisións políticas aplicadas na última década polo Partido Popular na Xunta de Galiza e no Estado e coas promesas incumpridas respecto do marco laboral por parte do goberno de Pedro Sánchez.

Un dos obxectivos retóricos do Plan Estratéxico vixente é reducir en 100.000 persoas a poboación en risco de pobreza ou exclusión social. Porén, no último ano con datos dispoñíbeis observamos como a poboación en risco de pobreza ou exclusión social descendeu en 60.000 persoas mais a pesares do bo comportamento dos últimos anos, vemos como dende o 2011 só se reduciu en 48.480 persoas, polo que existen claras dúbidas sobre que se poida cumprir este obxectivo.

Por outra banda, o informe “Estado da pobreza 2018” en Galiza elaborado pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia) revela que aínda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que máis de 78.000 persoas saíron da situación de risco de pobreza no 2017, aínda quedan máis de 612.000 nesta situación. Así mesmo, bota luz sobre datos preocupantes como é a constatación da fenda de xénero en pobreza e exclusión social, amosando que as mulleres non se están a beneficiar dos tímidos avances das cifras sobre pobreza e exclusión. Tamén, de forma especial, a fragilidade das persoas maiores de 65 anos marcada pola situación das pensións e do avellentamento no noso país.

Por todos estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

Vai rectificar o goberno galego a súa política económica para evitar a consolidación da pobreza en Galiza?

Considera viable o cumprimento dos obxectivos fixados no Plan Estratéxico vixente?

Que políticas económicas vai rectificar?

Ten tomado o goberno galego medidas específicas para atallar o empobrecemento das mulleres galegas?

Impulsou ou vai impulsar estudos para avaliar e medir a fenda de xénero en pobreza e exclusión social en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten tomado o goberno galego medidas específicas para atallar o empobrecemento das persoas de meirande idade? E en concreto, para as mulleres maiores?

Considera que o marco laboral é positivo ou negativo para o empobrecemento social?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2019 13:56:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2019 13:56:17

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2019 13:56:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2019 13:56:20

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2019 13:56:22

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2019 13:56:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

No ano 1990, ao abeiro do V Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe que fora realizado na Arxentina, o movemento feminista latinoamericano declarou o 28 de setembro Día pola Despenalización do Aborto. Esta data, nacida para denunciar e visibilizar os danos e mortes por mor dos abortos clandestinos, constituíu unha referencia para a loita pola despenalización de moitos países, inicialmente en Lationamérica e estendida a todo o mundo. Constitúe, xa que logo, unha data referencial na que en cada país o movemento feminista denuncia as carencias, de diferente tipo, que atopan para ver garantido o dereito ao aborto en condicións dignas.

Os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a súa revisión posterior en Nova York 1999) definen cales deben ser as condicións para a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación. Recentemente, diversos colectivos feministas como a Marcha Mundial das Mulleres denunciaban que no noso país incumpríanse estes protocolos e desprazábanse, ademais, moitas mulleres fóra do país para levar a cabo a interrupción terapéutica do embarazo.

O Pleno do Parlamento Galego aprobou o 23 de novembro de 2016, ao fío dunha Proposición do Bloque Nacionalista Galego, establecer medidas conducentes a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fornecer ás mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica. Así mesmo, propúñase traballar pola creación de dous centros de referencia en Galiza para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), na zona norte e na zona sur, con persoal sanitario especializado, como garantía da execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

A xuízo do BNG, a consecución destes obxectivos son fundamentais para acadar o obxectivo de garantir para todas as galegas un dereito fundamental como o aborto na sanidade pública e no interior do territorio galego, independentemente da semana de xestación na que se producir o aborto, sen verse obrigadas a desprazamentos lonxe da súa contorna persoal, someténdoa a unhas condicións que impactan negativamente no procedemento.

Máis aínda, desde o feminismo galego existe unha importante preocupación diante das denuncias e testemuñas públicas de que o proceso para abortar por libre elección dentro dos supostos da lei non están a ser dereitos preservados na práctica.

Por outra banda, preocupa tamén o retroceso á deriva reaccionaria a respecto do dereito ao aborto que ten anunciado o Partido Popular de cara a modificacións na lei correspondente estatal, parecendo esquecer que a mobilización feminista foi quen de parar a súa contrarreforma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, diante do cambio de goberno no Estado cómpre impulsar o recoñecemento dos dereitos pendentes canto ao aborto para as menores.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Considera o goberno galego garantidos en condicións os dereitos de aborto dentro do territorio galego e no ámbito da sanidade pública?

Garante, e en que condicións, o goberno galego a práctica dos abortos euxenésicos dentro do territorio galego e no ámbito da sanidade pública?

Que protocolo segue actualmente o SERGAS nos casos de interrupción voluntaria do embarazo? Cal no caso dun aborto euxenésico? Como fiscaliza o seu cumprimento?

Cantos abortos euxenésicos se realizaron en Galiza no ámbito do SERGAS en 2018? Cantos foron derivados desde o SERGAS a centros privados? Cantos a centros de fóra do país? Por que motivos?

Cantos non euxenésicos?

Que medidas levou a cabo o goberno galego en materia de formación nos protocolos de atención na práctica de abortos? Cantas horas aglutinou esta formación? A cantas profesionais atinxiu?

Que actuación levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento dos acordos emanados do Parlamento galego no Pleno do 23 de novembro de 2016?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como garante o goberno galego o dereito ao aborto no ámbito galego? Como fiscaliza o seu cumprimento?

Considera o goberno galego que debe modificarse a lexislación vixente? En que sentido? Comparte as afirmacións reaccionarias do señor Pablo Casado?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2019 14:08:22

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2019 14:08:28

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2019 14:08:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2019 14:08:35

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2019 14:08:36

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2019 14:08:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Francisco Casal Vidal e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A empresa Vodafone España acaba de presentar un expediente de regulación de emprego co que pretende o despido colectivo de 1.198 persoas nos que están incluídos 41 persoas que traballan en Galicia. Este é o terceiro expediente de extinción nos últimos seis anos.

En 2013 Vodafone despediu a 960 persoas, entre elas 27 na Coruña e 28 en Vigo. En 2015 os despedidos no conxunto do estado foron 1.056 persoas das cales 9 foron na Coruña e 28 en Vigo. O expediente actual pretende despedir a 1.198 traballadores e traballadoras nas que están 9 de A Coruña e 32 en Vigo.

De levarse a cabo o ERE actual serían 3.214 as persoas despedidas a través de despedimentos colectivos das que 133 se corresponden cos centros de Vigo e A Coruña.

Está practica laboral de Vodafone España é inaceptable porque é unha empresa con enormes beneficios e sen problemas de carga de traballo. No último ano con contas pechadas gañou 181 millóns de euros pero sobre todo obtivo un EBITDA de 1.420 millóns de euros, unha cifra enorme que sitúa a ratio de rendibilidade no 28,5% da cifra de facturación..

As razóns da empresa para despedir non poden ser económicas, porque a empresa obtén elevados beneficios, nin de carga de traballo, porque non deixa de aumentar ano tras ano, tanto na cifra de clientes como de facturación.





A razón real é a reestruturación da plantilla que practica Vodafone, un proceso continuo no que se despide as persoas de maior idade e antigüidade da empresa para substituílas por persoas novas.

Os datos demóstrano. En primeiro lugar, a día de hoxe existe na empresa un elevado número de horas extraordinarias, ademais de subcontratas externas crecentes. En segundo —aínda que poda resultar sorprendente— é que despois dos despedimentos colectivos realizados estes anos a empresa contratou novas persoas de forma que a plantilla apenas ten variado, sempre na contorna das 5.000 persoas.

O axuste laboral é, polo tanto, a substitución de traballadores e traballadoras con antigüidade e máis idade por persoas novas, que teñen outros perfiles e menos salarios.

Poren, en Galicia, os efectos negativos da decisión de Vodafone no son só para a plantilla senón tamén para os intereses do país. A razón é que a reestruturación permanente dende 2013, que ten un novo paso no ERE actual, esta sendo utilizada para centralizar o emprego en Madrid a costa das delegacións territoriais, entre elas a de Vigo e a da Coruña.

En 2012 traballaban en Galicia 309 persoas de Vodafone España. Agora son 181 e se vai adiante o ERE o cadro de persoal será de tan só 141 persoas. Nestes anos perderanse 168 postos de traballo, máis da metade dos que había en 2013.

Este durísimo recorte no cadro de persoal de Vodafone en Galicia é inaceptable, porque no conxunto do Estado mantense máis o menos estabilizado pero aquí retrocede o 55%, o que demostra o proceso de centralización con efectos demoledores para os centros territoriais, entre eles A Coruña e Vigo.

Unha perda de emprego que non podemos aceptar, porque é emprego de calidade, de elevada formación, con salarios dignos en condicións de traballo e contractuais por riba da media. É emprego cualificado, a maioría con titulación





universitaria nun país como o noso que xa ofrece escasas oportunidades de emprego as persoas que saen das facultades de telecomunicación e que se ven obrigadas a marchar fóra para poder traballar.

Por iso é difícil entender o silencio cómplice da Xunta de Galicia neste proceso continuado de desmantelamento das delegacións de Vigo e A Coruña de Vodafone, da redución de persoal ata levalas ao mínimo operativo.

Non se pode entender a inacción ante un gravísimo problema en termos laborais polos despedimentos senón tamén de perda de oportunidades para as persoas que se gradúan nas facultades, na calidade do servizo de telefonía móbil para o conxunto do país pero, sobre todo, porque a Xunta é o principal cliente de Vodafone en Galicia.

Vodafone España é o operador que ten adjudicado o contrato público para xestionar a telefonía móbil da Comunidade Autónoma, un contrato moi importante en termos económicos que fai apenas uns meses foi prorrogado un ano máis.

Vodafone España e AMTEGA prorrogaron en xullo de 2018 o contrato formalizado en 2015 estendendo a súa duración ata 2021, con novos compromisos por ambas partes, nos que Vodafone como operadora adjudicataria do servizo se compromete a mellorar a calidade das súas prestacións.

Pero hai máis, porque en novembro de 2018 AMTEGA firmou con Vodafone España —e outros dous operadores— un acordo para despregar a tecnoloxía 5G en Galicia, con compromisos concretos e financiamento público.

Estamos, polo tanto, ante un problema laboral que afecta directamente a 41 persoas, un problema de emprego para os graduados nas enxeñarías tecnolóxicas, para a calidade do servizo de telefonía móbil en Galicia, para a rede corporativa de telefonía móbil en Galicia e para o desenvolvemento do plan de impulso da





tecnoloxía 5G en Galicia. A Xunta de Galicia, a AMTEGA, a Consellería de Economía, Industria e Emprego non pode ser cómplices co seu silencio.

Polo anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Que vai facer a Xunta de Galicia para evitar o despido colectivo de 41 persoas nos centros de Vodafone en Vigo e A Coruña que da continuidade ao proceso de descapitalización laboral de Vodafone en Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/02/2019 10:37:26

Francisco Casal Vidal na data 11/02/2019 10:37:42





Antón Sánchez García na data 11/02/2019 10:37:55



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, aprobada polo goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, constituíu un avance nos dereitos das mulleres sobre a súa saúde sexual e reprodutiva. Esta lei superou á lexislación anterior (Lei orgánica 9/1985) e abriu a posibilidade ás mulleres de decidir de maneira máis completa e libre sobre a súa propia maternidade.

Esta lei ten sido considerada un gran avance de dereitos por numerosos organismos políticos internacionais, e conta cun amplísimo respaldo científico e profesional. De maneira especial ten sido amosado dende entón un apoio contundente e masivo por parte das mulleres, que viron un desenvolvemento legal dunha situación que necesitaba unha regulación ao nivel da súa importancia.

Dende entón véñse producindo, de maneira sistemática e periódica, un rexeitamento a esta lexislación e unha chamada á limitación de dereitos por parte das posicións e organizacións máis restritivas e reaccionarias no que corresponde aos dereitos civís, especialmente aos dereitos das mulleres. Recentemente estas posicións ideolóxicas, minoritarias na sociedade, tiveron un reforzamento dende organizacións ideoloxicamente situadas na extrema dereita, apoiadas en organizacións residuais en número. Contra o que sería o resultado natural desta situación que limitaría esas valoracións a meras expresións políticas de organizacións con limitada capacidade de influencia, percíbese un incremento do apoio ao rexeitamento á citada lei por parte de líderes de partidos de elevada representación institucional no conxunto de España e nas distintas autonomías, como é o caso do Partido Popular a través do seu principal referente Pablo Casado.

No caso de Galicia, a aplicación da Lei 2/2010 debера recibir un pulo de reforzo e non de minoración, pois existen datos que evidencian que non chega ao 10 % o número de mulleres que poden acollerse na rede sanitaria pública galega a este dereito, existindo unha derivación a centros concertados. Existiron casos nos últimos tempos de mulleres que, tendo solicitado o seu dereito recollido na lei, foron derivadas a clínicas doutras comunidades autónomas, como o caso de



Madrid, demorando a atención no tempo, o que causa maior risco para a muller e un período excesivo. Algún caso resultou en consecuencias fatais, e o Sergas xa foi condenado por mala atención a unha muller embarazada, por esta demora nun caso que obrigou a unha muller a acudir polos seus propios medios a Madrid e que terminou por perder o útero e a súa posterior capacidade reprodutiva.

En diversas ocasións, o Grupo Parlamentario Socialista ten formulado no Parlamento de Galicia a necesidade dun plan integral de atención sanitaria ás mulleres, dadas as especificidades que se deben considerar, e a Xunta de Galicia terminou por anunciar un plan nesta liña a partires do caso antes citado da condena ao Sergas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Apoia á Xunta de Galicia de maneira inequívoca a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo?
2. Por que a Xunta de Galicia non pode garantir hoxe que todas as mulleres que desexen interromper o seu embarazo poidan facelo en Galicia, cunha atención integral e de calidade, con axuste aos protocolos internacionais e coa maior e mellor atención sanitaria, psicolóxica e emocional posible?
3. Considera a Xunta de Galicia que están ben dotados en termos materiais e humanos os centros de atención primaria tanto urbanos como rurais en Galicia no que corresponde a atención sanitaria á muller?
4. Ten a Xunta de Galicia elaborado un Plan integral de atención sanitaria á muller?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2019 16:25:10

María Luisa Pierres López na data 11/02/2019 16:25:16

Noela Blanco Rodríguez na data 11/02/2019 16:25:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Interpelación.

Na última década, a Unión Europea impuxo a aplicación de políticas de “austeridade” que tanto o goberno do Estado como a Xunta de Núñez Feijóo aplicaron con entrega e entusiasmo, levando a efecto recortes nos servizos públicos, privatizacións, reforma do sistema de pensións e dúas reformas laborais que facilitan os despedimentos, a perda salarial e a precariedade das condicións de traballo.

En 2016 acadáronse os niveis de produción previos á crise, dende 2014 medra a economía, pero non se recuperaron as condicións de traballo e os salarios. Segundo o informe: “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias”:

- O emprego asalariado no conxunto do Estado español é un 0,6% inferior ao ano 2009; en Galiza, un 6,2% inferior, o que significa 67.533 persoas asalariadas menos.
- Os salarios, tendo en conta a inflación, sufriron unha perda de poder adquisitivo real do 10,9% na media do estado e do 10% en Galiza. Galiza, sendo a cuarta comunidade con una maior inflación, é a terceira cos salarios máis baixos.
- Os datos da Axencia Tributaria revelan que a destrución de emprego afectou principalmente aos postos con maiores ingresos e que só se está a crear emprego precario con salarios inferiores a 1,5 veces o SMI, situándose o maior medre do persoal asalariado no de ingresos inferiores a 0,5 veces o SMI. No ano 2017





foron 182.120 as persoas traballadoras nesta situación, cuns ingresos brutos anuais máximos de 2.020 euros. A partir de ingresos superiores a 1,5 veces o SMI, o número de asalariados sitúase sempre por debaixo do ano 2009.

- A taxa de temporalidade en Galiza medrou dende o 21,4% en 2014 ao 26,7% en 2018. É dicir: 222.000 persoas asalariadas galegas teñen un contrato eventual.

- Segundo o IGE, en 2018 asináronse 1.069.672 novos contratos laborais, o 5,4% indefinidos e o 94,6% temporais. Entre estes últimos, os contratos cunha duración máxima dunha semana supuxeron en 2018 máis de 375.000, cun incremento do 9,4% e representan xa o 35% dos novos contratos e o dobre que en 2013.

- O 57% das persoas contratadas por menos de 40 horas semanais en Galiza procuran un traballo a xornada completa pero non o conseguen.

O Foro Económico de Galicia ve preocupante a continua caída da poboación activa, especialmente grave na franxa de 25 a 34 anos, a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media do estado, o incremento da temporalidade e a alta taxa de contratación a tempo parcial involuntaria.

A precariedade e a falta de dinamismo do mercado laboral favorece a emigración da mocidade, a baixa taxa de natalidade e a perda de poboación activa.

En Galiza, as condicións laborais impiden que a mocidade galega desenvolva o seu proxecto de vida no seu País. Segundo o Consejo de la Juventud “a situación laboral que presenta Galiza para as persoas mozas non invita ao optimismo, na medida que conta con menor nivel de actividade e ocupación que o conxunto de España”.





En 2017 Galiza tiña uns 60.500 fogares (un 40% menos que en 2007) formados por persoas por debaixo dos 35 anos, e case o 30% no superaban os 1.000 euros ao mes.

Segundo o IGE, seis de cada dez mozas e mozos galegos de entre 18 e 34 anos viven cos seus proxenitores porque carecen de recursos para emanciparse. O mesmo ocorre cos 43,6% dos galegos e galegas menores de 35 anos. Só o 14,7% percibiu algún tipo de ingresos, incluídas prestacións e salario.

De entre a mocidade que vive cos seus proxenitores, o 43,6% carece de ingresos; o 9,8% ingresa menos de 200 euros mensuais; o 15% gaña entre 200 e 600 euros; o 15% non chega aos 1.000 euros; e só o 16% gañou máis de 1.000 euros.

Pero, hoxe, en Galiza, traballar non significa poder emanciparse. Segundo o informe da Axencia Tributaria citado:

- O emprego asalariado baixou en máis dun 30% entre os 18 e os 35 anos.
- Os salarios baixaron un 21.4% entre os traballadores/as entre os 18 e 25 anos; entre 25 e 35 anos o descenso foi do 7,3%.
- Ata os 25 anos os asalariados/as galegos acadaron uns ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.
- Ata os 36 anos os traballadores e traballadoras non acadan o salario medio anual galego.
- Só un de cada dez mozos e mozas conseguiu traballar todo o ano. Antes da crise, representaban o 32,3% do total, en 2018 tan só o 11,8%.

O Consejo de la Juventud denuncia que en Galiza “o aumento da ocupación caracterízase pola parcialidade e a temporalidade maiores ás do conxunto do estado, sendo igualmente superiores a subocupación e a sobrecualificación”.





O Foro Económico de Galicia alerta sobre a "gravidade" da perda de traballadores/as mozas e reclama "medidas específicas para reverter esta situación". Destaca que esta situación do mercado laboral galego se produce "dende o comezo da recuperación económica" e que na actualidade "avanza a un ritmo que dobra o do conxunto do Estado".

Como se acaba de expoñer, os principais indicadores da precariedade laboral afectan maioritariamente ás persoas menores de 30 anos: maior perda de salario dende a crise, máis traballo temporal, normalización das xornadas parciais e maior rotación nos postos de traballo.

Esta precariedade no emprego é froito de décadas de políticas antiobreiras. Entre estas, cabe destacar a Reforma Laboral que en 1994 o goberno socialista aprobou para legalizar as ETTs, prohibidas ata ese intre polo Estatuto dos Traballadores/as, pois supuñan o "tráfico de man de obra".

A temporalidade e a falta de dereitos caracterizan ás ETT. As ETTs contribuíron á precarización do traballo, sobre todo entre a mocidade, con altos índices de rotación, contratacións temporais e baixos salarios.

Durante o primeiro ano de existencia realizaron máis de 300.000 contratos. Catro anos despois achegábanse ao millón de contratacións. En 2008 máis de 2,5 millóns de contratos anuais. Coa reforma laboral do PP en 2012, as ETTs pasaron a ser axencias privadas de colocación con ánimo de lucro e os seus beneficios non paran de medrar chegando a realizar máis de 2,7 millóns de contratos.

E por si as ETTs non precarizaran o suficiente o mundo do traballo, proliferan as Empresas Multiservizos (EMS). O 90% das empresas cunha facturación superior aos 12 millóns de euros teñen externalizados servizos complementarios: seguridade, limpeza, mantemento, control de pragas, cátering, loxística, transporte, sistemas de información, financeiro, márketing, etc.





Non existe un convenio colectivo de ámbito estatal ou autonómico das empresas multiservizos, aplicando aos traballadores/as o Convenio da Empresa Multiservizos que se trate. É dicir, ao contrario do que ocorre coas ETTs onde os traballadores deben percibir o mesmo salario que a empresa contratista, nas EMS perciben o salario do convenio colectivo da EMS, que son convenios de mínimos con salarios moi baixos. Isto é posible grazas á reforma laboral de 2012 que outorgou aos convenios de empresa prevalencia sobre os convenios sectoriais de ámbito superior.

Ademais, na maioría dos casos estase a producir unha cesión ilegal de traballadores/as externalizando os servizos tras despedir aos propios traballadores que realizaban ata ese intre dito servizo.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte INTERPELACIÓN:

1. Por que en Galiza a perda de emprego asalariado é do 6,2% dende o ano 2009 ata 2017, mentres a media do Estado é do 0,6%? Que medidas implantou a Xunta para reverter esta situación?
2. Por que en Galiza 1/3 da clase traballadora percibe ingresos inferiores ao SMI? Considera a Xunta que a precariedade laboral instaurada en Galiza está relacionada co abuso da contratación a través de empresas multiservizo, centros especiais de emprego, o incremento de falsos autónomos e ETTs?
3. Instará a Xunta ao goberno do estado para que se limite por lei o uso das EMS e ETTs?



4. Ante o desproporcionado incremento dos contratos a tempo parcial, que xa supoñen un 15% do total, que iniciativas políticas ten adoptado a Xunta para reverter esta situación? Que iniciativas ten programado adoptar neste ano 2019?

5. Ante o desproporcionado incremento dos contratos a temporais, que supoñen o 95% da totalidade dos novos contratos, que iniciativas políticas ten adoptado a Xunta para reverter esta situación? Que iniciativas ten programado adoptar neste ano 2019?

6. Por que Galiza ten os terceiros salarios máis baixos do Estado? Que iniciativas políticas aplicou, está a aplicar ou aplicará no futuro para conseguir a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal?

7. Considera que a emigración da mocidade está relacionada coa precariedade laboral e a falta de oportunidades profesionais que se lle ofrecen en Galiza? Considera esta situación compatible coa recuperación demográfica?

8. En que ano considera que se fará efectiva en Galiza a igualdade salarial de xénero?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Verao na data 11/02/2019 18:50:30



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A alopecia areata é unha enfermidade inmunolóxica que provoca a perda de pelo en diversas zonas do corpo, especialmente no coiro cabeludo. O sistema inmunolóxico das persoas con esta doenza detecta o pelo como unha ameaza interna, polo que os linfocitos o atacan, o que impide que este saia ao exterior. A día de hoxe, non hai unha causa científica que explique isto, polo que tampouco hai unha cura como tal. Si existen diversos tratamentos que poden chegar a facer efecto, pero teñen un elevado custo en termos de efectos secundarios sobre outros elementos do organismo.

Ademais de ocasionar a perda do cabelo tamén son moitas as persoas que sofren problemas psicolóxicos, asociados a esta enfermidade e a estas consecuencias, derivando en inseguridades e déficits nas relacións sociais que provocan a necesidade de utilizar próteses capilares para agochar ou disimular a enfermidade e poder facer unha vida asimilable ao estandarizado.

Aínda que noutros casos de outras afectacións, como no caso das persoas que pasan por procesos de tratamento oncolóxico, tamén se utilizan próteses con obxecto semellante, o caso da alopecia areata ten a particularidade de ser unha afectación permanente. Isto provoca que as próteses precisen unha maior calidade e materiais mellores para unha maior duración, o que redonda en maiores prezos. Por ter algunha referencia, unha prótese de 18-25 meses de duración de utilidade pode ter un prezo final de 1.500 euros aproximadamente.

A consideración especial desta afectación e as vantaxes que pode xerar en varios planos persoais a utilización desta prótese abre a posibilidade de considerala de maneira especial no que corresponde á súa utilización en relación á enfermidade.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que pode ser positiva unha medida encamiñada a sufragar parte do custe das próteses capilares para persoas afectadas pola alopecia areata?
2. Ten a Xunta de Galicia unha estimación de persoas afectadas por esta enfermidade en Galicia?
3. Existe algunha previsión por parte da Xunta de Galicia de avances ou melloras no tratamento e seguimento das persoas afectadas por alopecia areata en Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2019 09:34:48

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 09:34:54



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia.

Tal e como denuncia a Rede contra a Minaría Destrutiva na Galiza, o día 12 de febreiro realizárase na Cidade da Cultura un acto do 'lobby' da minaría no que se presentará un **'kit' de materiais supostamente educativos destinados a nenas e nenos de infantil, primaria e secundaria**. Trátase dun evento para presentar unha campaña máis coa que tratar de lavar a cara da minaría nos colexios de Galicia.

A Rede ContraMINAcción denuncia que "mentres a Administración dedica grandes esforzos e recursos públicos a estas campañas de enxeñaría social, ducias de explotacións mineiras continúan sen restaurar ou, o que é peor, se converten en focos agravados de contaminación como ilustran as minas-vertedoiro de Miramontes, Casalonga ou Touro, na contorna da capital galega".

É, cando menos curioso que a Xunta de Galicia dea cabida a este tipo de accións nos centros educativos que nada teñen a ver coas necesidades educativas das nenas e nenos de Galicia. E que, ademais, ocultan a realidade depredatoria e a degradación medioambiental, patrimonial e paisaxística de moitos destes proxectos.

Por estes motivos En Marea presenta a seguinte Interpelación:





- 1.- Con que obxectivo se van divulgar estes contidos nos centros educativos de Galicia?
2. En que cursos se vai implantar?
3. Considera a Xunta de Galicia lícito poñer os centros educativos públicos de Galicia á disposición dun Lobby empresarial para desenvolver as súas campañas de adoutramento a favor dos seus intereses?
4. Ten destinado a Xunta de Galicia algún tipo de financiamento público para esta campaña?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/02/2019 16:37:43

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2019 16:37:52



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia de 1 de febreiro de 2019, a Consellería de Política Social publicou a Orde do 28 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 e se procede á súa convocatoria, para as cales se destina un orzamento de 500.000 €.

As ditas subvencións van destinadas aos concellos galegos, as mancomunidades de concellos de Galicia e os consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos; sendo a contía máxima que se pode solicitar de 6.000 € no caso das solicitudes individuais, 15.000 € para as solicitudes conxuntas se a entidade ou agrupación está formada por dous concellos e de 22.000 € se está formada por tres ou máis concellos e, no caso de concellos resultantes de procesos de fusión municipal poderán solicitar un máximo de 15.000 euros no caso de fusión de dous concellos e de 22.000 euros no caso de fusión de tres ou máis concellos.

No artigo 2 da dita Orde establécense as áreas de atención prioritaria:

- a) Iniciativa local emprendedora: proxectos relacionados co emprendemento e a empregabilidade dos mozos e mozas.*
- b) Promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como sensibilización e loita contra calquera forma de discriminación.*
- c) Dinamización da información para a mocidade.*
- d) Fomento de actitudes creativas e innovadoras da mocidade na súa comunidade e na súa contorna.*
- e) Fomento da inclusión social e laboral e da accesibilidade dos mozos e mozas pertencentes a colectivos con dificultades de integración ou especialmente vulnerables.*
- f) Dinamización da lingua galega entre a mocidade.*
- g) Fomento da participación e o empoderamento das mulleres novas galegas.*
- h) Conservación e posta en valor do ambiente e do patrimonio cultural e natural.*



- i) *Desenvolvemento e dinamización do medio rural.*
j) *Creación de espazos para a comunicación e novas tecnoloxías”.*

Na propia exposición de motivos desta orde faise referencia á Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, que no seu artigo 1 establece que as políticas públicas dirixidas á mocidade terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 9 establece que a Xunta de Galicia fomentará o espírito emprendedor e potenciará entre a mocidade un sistema de actitudes e preocupacións do cal formen parte por iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza, o compromiso e a flexibilidade.

Tendo en conta a elevada taxa de desemprego entre a xuventude e a necesidade perentoria de mellorar a súa capacitación profesional e persoal, a súa estabilidade, a produtividade e a eliminación da brecha de xénero.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Considera o Goberno galego suficiente a contía orzamentaria establecida para cumprir cos obxectivos recollidos na dita Orde?
- 2ª) Considera o Goberno galego que os concellos constituídos pola fusión de concellos necesitan fomentar en maior medida o espírito emprendedor da súa xuventude?
- 3ª) Cales son as medidas aplicadas polo Goberno galego para dar cumprimento ao artigo 9 da Lei de xuventude de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2019 16:46:46

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 16:46:52





Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2019 16:47:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 16:47:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Colexios farmacéuticos e profesionais están a informar dunha situación de falta de abastecemento de determinados medicamentos nas farmacias galegas. Existen en Galicia alo menos 50 medicamentos con dificultades de subministro que se agravan cada día.

En moitos casos son medicamentos esenciais para o tratamento de enfermidades como pode ser o caso do Adiro, que é receitado para persoas que sufriron un infarto de miocardio ou unha anxina de peito coa finalidade de evitar trombos, os ansiolíticos e depresivos ou outros de uso moi habitual como o ibuprofeno.

Informan dende os Colexios profesionais que o protocolo que están a seguir é a substitución por un equivalente e no caso de que non exista posibilidade remiten aos profesionais de medicina para que determinen a posibilidade de cambiar o tratamento. Neste sentido, denuncian tamén como esta situación pode afectar a persoas maiores ou polimedicadas, nas que o cambio de medicamento ou tratamento pode levar a confusión.

Esta situación, apunta a un problema en relación ao prezo na adquisición dos medicamentos, existindo laboratorios que ofertan moi á baixa e que despois non garante o subministro e outros que prefiren vender os medicamentos a outros países que os pagan máis caros. O que apunta a que orixe do problema é a lóxica mercantilista na que se moven moitos dos laboratorios farmacéuticos.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Dende cando ten o Goberno coñecemento desta situación?
- Que medidas ou xestións ten realizado o Goberno galego en relación a este problema?
- Cal é a solución que se plantexa dende o Goberno para evitar que as persoas se vexan nunha situación de falta de medicamentos?
- Estuda o Goberno a necesidade de investir dende o público para a elaboración de fármacos?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/02/2019 13:06:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Interpelación**.

O Acordo marco cun único empresario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento para alumnado no marco do proxecto Abalar Edixgal (AMT-2018-0057), enviouse para a súa publicación ao Diario Oficial da Unión Europea o 23 de agosto do 2018, e a súa corrección de erros o 27 de agosto de 2018.

Xa é cando menos raro que inda que sexa un acordo marco cun único empresario non se publique no Diario Oficial de Galicia, e se faga no medio do mes de agosto.

Por outra banda, esta licitación, nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares, para a contratación mediante un acordo marco cun único empresario, da subministración de equipamento para o alumnado no marco do proxecto Abalar- Edixgal.

Dise no obxecto do contrato, que desde o ano 2010 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e AMTEGA, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolven un proxecto de integración das TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) na práctica educativa, chamado proxecto Abalar. Dentro das accións do primeiro eixo. Infraestruturas e equipamento nos centros está dotar aos centros educativos de Galicia, daqueles equipos necesarios para o desenvolvemento correcto do proxecto. Este equipamento componse de ordenadores ultraportátiles para o alumnado, dos





centros educativos públicos de Galicia. Así como obxecto deste contrato sinálase literalmente “ a subministración de equipamento microinformático para o alumado nos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participantes no proxecto de educación dixital (Proxecto Abalar- Edixgal).

A contratación obxecto do prego son a subministración de ordenadores ultraportátiles, conta cun período de vixencia de 2 anos, prorrogables por outros dous máis. O sistema operativo requirido ten que ser compatible coa plataforma e as aulas do Proxecto Abalar, por tanto requírese que sexa Debian GNU/Linux Amtega-Educación.

O valor estimado do acordo marco é de 14.850.000 (SEN IVE), e o acordo marco por si só non xera obrigas económicas senón que estas nacerán consecuencia da selección realizada e dos contratos que a partir desta se realicen. Tampouco é vinculante o prezo unitario máximo sen IVE de 495 € e o número de unidades, establecidas en 30.000.

O prazo de recepción de ofertas presentadas polos licitadores, estivo aberto ata o 1 de outubro de 2018.

Desde a data de finalización da recepción de ofertas foron anuladas a convocatoria de apertura do sobre A e sobre B. Posteriormente xa no ano 2019, o 31 de xaneiro, revisouse a oferta da UTE PLEXUS-IECISA, por presentar valores anormais, e propúxose ao órgano de contratación, como a economicamente máis vantaxosa, a oferta desta UTE, no importe de 297,70 €/cada unidade (máis IVE).

Porén, a licitación segue sen resolverse nin estar formalizado o contrato e por tanto a súa execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:





- 1.) - Cando pensa a Xunta resolver esta licitación?
- 2.) -Ten pensado executar a Xunta a licitación antes de que remate o curso escolar?
- 3.) - Que medidas desenvolveu a Xunta para que o programa Abalar seguise funcionando mentres tanto?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/02/2019 16:20:18

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2019 16:20:26



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No último informe económico-financieiro emitido polo Consello de Contas de Galicia sobre as entidades instrumentais autonómicas (exercicio 2016), o máximo órgano fiscalizador observa como a nosa Administración autonómica é aínda a sexta Comunidade Autónoma con maior número de entes instrumentais, contando a 1 de xaneiro de 2017 con 112 entidades pertencentes ao sector público autonómico. Tamén sinala o Consello de Contas que con todo, o simple número de entes públicos é unha variable pouco representativa da importancia do sector.

Sinala o Consello que a Administración galega segue sen facer pública a relación de entidades que deben ser consideradas como integrantes do seu sector público segundo a normativa propia aplicable, a propia Lofaxga. A Xunta de Galicia segue así a incumprir o artigo 52 da dita lei, que obriga á consellaría competente en materia de Facenda a pór en marcha un rexistro de entidades dependentes no que se deben inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente, eiva, insiste o Consello, que dificulta a delimitación exacta das entidades que segundo a nosa normativa deben ter a consideración de sector público autonómico.

Continúa este informe denunciando que ningún dos plans de racionalización do sector público dependente foi obxecto de publicación, non publicándose tampouco os informes nos que se avalía o seu grao de realización polo propio Goberno galego.

O Consello de Contas resalta que a pesar de número de entidades extinguidas, a importancia económica dun gran número delas é menor, supoñendo os aforros estimados polas baixas menos do 1 % dos fondos xestionados polas entidades dependentes polo que, reitera un ano máis o Consello, a redución do sector é máis nominal ca real. A creación de axencias está a supoñer a xestión descentralizada de políticas que ata o de agora eran desenvolvidas no eido das consellarías.



No pasado Consello da Xunta do 17 de xaneiro deste ano o Goberno galego informou do estado actual do Plan de racionalización dos entes instrumentais (“Administración paralela”). Pero non parece que se estean a observar as recomendacións recorrentes do Consello de Contas neste ámbito.

Insta finalmente o Consello de Contas aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión, debéndose someter á avaliación periódica o funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e se constitúen a forma máis eficiente para acadalos.

O artigo 2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, encomenda á Consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa a elaboración, polo menos, con carácter trianual, de plans de racionalización e reestruturación que analicen a estrutura organizativa e a dimensión orgánica da Administración xeral e das entidades que integran o sector público autonómico, tomando como referencia o principio de racionalización do gasto e a mellora da xestión do sector público.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para racionalizar de forma efectiva o sector público autonómico instrumental?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2019 17:11:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2019 17:11:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2019 17:11:28





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:19:44
Nº Rexistro: 46273
Data envío: 13/02/2019 17:19:44.011

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2019 17:11:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-cGD0hwj6z-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a cobertura das baixas no servizo de comedor escolar.

Entre os numerosos problemas detectados no servizo de comedores escolares, normalmente vinculados co proceso de privatización, este ano temos que destacar a denuncia feita dende os centros da tardanza que está tendo a Xunta á hora de cubrir as baixas médicas.

Así, no colexio de Xanceda, por exemplo, denunciaron que levaban dez días sen que se cubrira a baixa dunha das persoas que traballa no servizo o que dificultaba moito prestar a máxima calidade. Deste xeito os profesionais explicaron que se viron obrigados a ter que cambiar os menús toda vez que non é posible facer o mesmo tres que dúas persoas.

O que está de fondo, coma sempre, son os supostos aforros, recortes reiterados no ensino público que se deixan sentir en todos os ámbitos.

Por estes motivos En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Cal é a media de días que tarda a Xunta de Galicia en substituír a unha traballadora ou traballador nos comedores escolares?
- Que opinan das demoras detectadas de máis de dez días?
- A que causa obedece esa demora?





- Podería recortarse o tempo de substitución destes profesionais?
- Está relacionada a demora cos recortes dos tempos da crise?
- Cantas baixas houbo o curso pasado entre o persoal de comedores escolares?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/02/2019 17:19:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2019 17:20:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Os Puntos de Encontro Familiar atópanse regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

A intervención dos Puntos de Encontro Familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

Sen embargo a normativa de protección xurídica ás crianzas modificouse ca Lei 26/2015 de 28 do xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que establece no artigo 2 e 11 no que se establece a primacía do interese superior do menor.

Por tanto, entendemos que resulta necesario fomentar que estes Puntos de Encontro Familiar sexan de xestión directa pública, garantindo o benestar social, a normal evolución das relacións das crianzas cos seus pais, avós ou outros familiares, e garantir un acceso a estes servizos a toda a poboación que nalgúns casos ten que recorrer grandes distancias ou agardar quendas, especialmente no





rural. Así, por exemplo, nin na comarca do Salnés, nin na do Morrazo, existen Puntos de Encontro Familiar, co cal as persoas deben desprazarse moitos quilómetros para ir ata outros.

As cantidades destinadas ao mantemento da rede dos PEF son desiguais entre as cidades, polo que nos gustaría coñecer os motivos polos que se dan estas diferenzas. Ademais, resulta fundamental, que se faga unha diagnose exhaustiva sobre o estado de todos estes, co fin de detectar posibles melloras.

O lugar onde están situados non é sempre o máis axeitado, así, por exemplo en Pontevedra, para chegar ata a entrada hai que atravesar un espazo que non ten iluminación dabondo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1) Considera a Xunta de Galicia que os Puntos de Encontro Familiar teñen a dotación orzamentaria e de persoal necesaria?
- 2) Cal é o desglose dos gastos de mantemento dos PEF?
- 3) Axuda a Xunta de Galicia dalgún xeito ao desprazamento das persoas que teñen que percorrer longas distancias para asistir a este recurso?
- 4) Ten previsto a Xunta de Galicia realizar algunha auditoría sobre a totalidade dos Puntos de Encontro Familiar galegos para actualizar a información dos centros no que atinxe a súa plantilla e cualificación, medidas de seguridade, idoneidade dos equipamentos, ubicación e modelos de xestión?
- 5) Ten pensado ampliar o número de PEF, creando novos en comarcas con alta demanda do servizo ou nas que as persoas usuarias deben desprazarse a puntos moi afastados?





6) Fai algún control sobre a aplicación da perspectiva de xénero nestes recursos?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 18:27:30

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2019 18:27:38

Marcos Cal Ogando na data 13/02/2019 18:27:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

As desigualdades de xénero están presentes en todos os espazos da vida, o mercado laboral non é unha excepción, de feito, as formas que adoptan estas neste ámbito son múltiples, sendo un problema permanente e estrutural que afecta ao conxunto das mulleres.

A pesar de existir lexislación específica para evitar estas, os datos amosan que aínda queda moito por avanzar para poder afirmar que existe igualdade neste ámbito.

Se analizamos os datos do INE, comprobamos como, a diferenza salarial entre os homes e mulleres de Galicia ascende ata os 5.480 euros de media.

A evolución da fenda salarial nos últimos anos ademais é moi negativa, pasouse dun 26,5% no ano 2014, ata un 30% na actualidade.

As razóns deste mantemento da desigualdade son múltiples. Por unha banda, os traballos asignados historicamente as mulleres, continúan a ser peor retribuídos fronte a empregos moi similares onde o emprego masculino é maioritario.

Se comparamos, por exemplo, o sector téxtil co metal, observamos como por traballos e con categorías similares unha persoa que traballa na primeira, mulleres a maioría, como oficial especialista ten un salario bruto anual de 13.588





euros mentres que no metal, onde son homes maioritariamente, cobrarían 20.741 euros.

Por iso, compre facer unha comparación por sectores, analizando, por exemplo, a existencia de complementos salariais e a súa xustificación.

A maioría das medidas tomadas na actualidade van encamiñadas a resolver as diferenzas existentes nunha mesma empresa, isto é importante, xa que continúan existindo, pero debemos ter presente que esta é máis fácil de detectar e solventar, e atender a que o verdadeiro reto son as solucións sectoriais máis amplas. Polo que hai que avanzar propostas legislativas que eviten que se negocien os convenios de sectores feminizados a baixa.

A situación é especialmente preocupante nos tramos salariais máis baixos, xa que nestes, a fenda salarial é moito máis acusada. As mulleres somos as que temos empregos máis precarios con moita diferenza. Do conxunto das persoas traballando a tempo parcial, un 77% son mulleres.

O Parlamento Galego aprobou o 28 de decembro de 2016, a apertura dunha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020. Pero, a día de hoxe, non se coñecen avances nesta cuestión.

Por outra banda, unha das razóns de que persista a segregación vertical así como a feminización da precariedade e do traballo parcial, é a distribución desigual do traballo de coidados. Mentres este non se reparta de maneira equitativa, as mulleres continuaran sendo discriminadas.





Somos as que coidamos de maneira moi maioritaria, pero esta realidade permanece oculta da maioría de enquisas.

Segundo datos do IGE do ano 2018, fronte as 26.200 mulleres con redución de xornada por coidados, había 1.500 homes. É evidente que as actuais políticas de fomento da conciliación e da corresponsabilidade non están sendo efectivas.

Estas desigualdades conlevan que a fenda de xénero se manteña nas pensións. Existe unha diferenza de 358 euros de media entre o que cobran os homes e as mulleres. Unha diferenza que condena a moitas pensionistas a ter unha retribución de miseria.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Que avances levou adiante a Xunta de Galicia para dar cumprimento ós acordos parlamentarios tomados o 28 de decembro de 2016 para lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020? Que medidas tomaron para rematar coa actual fenda salarial?
2. Que opinión teñen acerca da equiparación dos permisos de maternidade e paternidade para que estes sexan iguais, intransferibles e remunerados ao 100%?
3. A Xunta de Galicia ten realizado algunha avaliación acerca do cumprimento das empresas da actual lexislación en material de igualdade?





4. Ten tomado algunha medida para mellorar a transparencia salarial das empresas?
5. Que vai facer para que eliminar a fenda existente nas pensións?
6. Que medidas de apoio a conciliación teñen realizado?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Julia Torregrosa Sañudo
Manuel Lago Peñas
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 19:11:17

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 19:11:24

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 19:11:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Os datos de afiliación de finais de decembro de 2018, amosan una redución da afiliación ao réxime especial do mar que é cando menos preocupante. Si cando vostedes chegaron ao goberno tiñamos preto de 25.000 afiliados ao réxime especial do mar hoxe apenas chegamos aos 21.000 cunha redución do 16%.

Estes datos converten ao sector do mar galego en un dos sectores con peor comportamento en canto a afiliación, incapaz ademais de seguir o rumbo do resto de sector que recuperan afiliación, o que demostra que esta situación non ten a ver cos ciclos económicos senón coas políticas aplicadas polas distintas administración sobre o sector, que pretenden unha reconversión co obxectivo de incentivar outro tipo de ocupación do mar en Galicia e no conxunto de Europa.

Tal como se reflexa nesta táboa, Galicia perde dende fai unha década un emprego diario no noso mar. Sendo incluso pero a situación dos empregados por conta propia.



Mar	Total	R. Esp. Mar Conta Allea	R. Esp. Mar Conta Propia
2008/Decembro	24795	13608	11187
2009/Decembro	24176	13174	11002
2010/Decembro	23572	12927	10645
2011/Decembro	23174	12808	10366
2012/Decembro	22397	12305	10092
2013/Decembro	21613	11656	9957
2014/Decembro	21183	11655	9528
2015/Decembro	20270	10940	9330
2016/Decembro	20580	10888	9692
2017/Decembro	20741	11055	9686
2018/Decembro	20846	11207	9639

Por todo o exposto, as deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, formulan a seguinte Interpelación:

Que explicación pode ofrecer a Consellería do Mar á dramática situación do noso mar en termos de emprego?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 14/02/2019 10:51:29



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 10:54:32
Nº Rexistro: 46318
Data envío: 14/02/2019 10:54:32.762

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 10:51:44

3 | GP En Marea



CSV: BOPGDSPG-cgD0hwj6z-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Continuamente a Xunta de Galicia ante calquera pregunta ou iniciativa dos grupos da oposición, que teña a ver con demandas de mellora e impulso do comercio, resposta cos compromisos recollidos no Plan estratéxico 2015-2020 de impulso ao comercio galego, que segundo o goberno pretende incrementar a competitividade, impulsar a dixitalización e potenciar a súa excelencia.

Este Plan estratéxico, que xa pasou o seu ecuador e que afronta a súa recta final, fronte aos datos do sector semella non ter funcionado, polo que compre analizar a avaliación do mesmo para non incidir nos erros e poder mudar as políticas de xeito que axudemos de mellor forma ao sector comercial galego.

Así, por exemplo, este cadro do Ige coloca ao sector comercial galego como o sector con maior número de concursos no 2018, aínda con datos provisionais.

Empresas concursadas por actividade económica principal (CNAE-09)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total	43	50	51	171	274	295	410	501	532	447	304	265	237	189
Agricultura e pesca	0	1	0	5	6	4	1	2	4	10	7	3	5	0
Industria e enerxía	14	15	15	42	76	81	106	134	115	80	40	38	39	33
Enerxía	0	0	1	0	2	2	2	3	5	1	1	1	0	0



Construción	14	8	8	60	98	86	128	157	174	115	75	49	58	41
Edificios e promoción inmobiliaria	9	3	2	47	72	65	81	108	119	73	53	38	42	28
Resto	5	5	6	13	26	21	47	49	55	42	22	11	16	13
Comercio	9	12	14	34	49	64	84	106	111	80	69	62	50	43
Transporte e almacenamento	0	2	6	5	13	17	28	20	19	25	18	7	7	11
Hostalaría	1	2	0	2	0	6	5	12	11	15	18	16	16	12
Información e comunicacións	0	0	0	1	1	4	2	1	6	9	3	1	3	6
Inmobiliarias financeiras e de seguros	0	0	1	7	2	4	3	4	8	8	5	5	10	6
Actividades profesionais e técnicas	1	3	1	4	9	9	15	21	27	29	19	17	10	11
Actividades administrativas e servizos auxiliais	2	2	0	3	2	3	9	15	15	14	14	14	10	8
Resto de servizos	2	3	5	4	5	6	14	9	18	23	12	32	11	8
Sen clasificar	0	2	1	4	13	11	15	20	24	39	24	21	18	10

Así o último informe do Foro Económico Galego resaltaba que entre as actividades que mostraban un deterioro ou ralentización no seu ritmo de crecemento no final do 2018, destacaban o comercio, descenso moito máis acusado se falamos do pequeno comercio ou eliminando a variable de comercio exterior.

O último dato que ratifica as nosa afirmacións é o descenso de empresas do comercio dende o 2008 pasando dun 26,5% do total a un 23,9% no comezo do 2018. Incluso cun descenso de máis de 1.500 no período que corresponde o Plan estratéxico



Cadro nº 3- Distribución das empresas atendendo aos sectores.

	2008*	% 2008	2014*	% 2014	2018*	% 2018
Industria	15.350	7,5	12.676	6,6	12.970	6,5
Ind. manufactureira	14.308	7,0	11.637	6,1	11.891	5,9
Construción	37.707	18,5	29.475	15,4	29.686	14,8
Comercio	53.990	26,5	49.542	25,8	48.081	23,9
Resto servizos	96.327	47,4	100.052	52,2	110.064	54,8
TOTAL	203.374	100	191.745	100	200.801	100

*Dato correspondente a 1 de xaneiro de cada ano

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Interpelación**:

- Que avaliación fai o Goberno galego dos resultados deste Plan estratéxico?
- Cal foi o número de empresas comerciais creadas durante o período de vixencia do Plan?
- Cal foi o número de empresas beneficiarias das axudas contempladas no Plan ?
- Cal foi o número de acción de promoción do produto autónomo ou artesanal realizadas?
- Cal foi o número de accións formativas realizadas para mellorar a profesionalización?
- Cal foi o número de remudas comerciais impulsadas?
- Cal é o número de visitas á plataforma de relevo comercial?
- Cal é número de comercios asociados?
- Cal é o número de accións de adecuación física de espazos comerciais realizados?
- Cal é o número de accións de cooperación co sector turístico realizadas?





- Cal é o número de accións innovadoras realizado?
- Cal é o número de actuacións de mellora da imaxe realizada en establecementos comerciais?
- Cal é o número de ordenanzas de prazas de abastos actualizadas?
- Cal é o número de actuación de mellora da imaxe de mercados ambulantes e mercados realizadas?
- Cal é o número de web comercias creadas?
- Cal foi o número de guías on line desenvolvidas?
- Cal é o número de comercios adheridos ao sistema arbitral de consumo?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/02/2019 13:39:36

Francisco Casal Vidal na data 14/02/2019 13:39:47



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O dereito de adquisición preferente por parte da Administración nas posibles transaccións no caso de vivendas protexidas ten por obxecto contar coa posibilidade de control sobre a regularidade das transmisións realizadas, así como dotarse dun mecanismo para a obtención dun parque de vivendas vinculadas a políticas sociais e para atender a situacións de necesidades socialmente perentorias. Este dereito pode ser invocado pola Administración autonómica, tal e como se recolle na actualidade no artigo 75 da *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*, cando establece que “o *Instituto Galego da Vivenda e Solo terá dereito de tenteo e retracto sobre as vivendas protexidas e os seus anexos mentres dure o réxime de protección, nas segundas e posteriores transmisións inter vivos, sexan gratuítas ou onerosas, incluídas as derivadas de procedementos de execución patrimonial*”, regulando a continuación o procedemento para levalo a efecto.

No último pleno sobre Debate anual de política xeral, aprobouse por unanimidade a resolución pola cal o Parlamento instaba a Xunta de Galicia a impulsar e abrir novos obxectivos na súa política de vivenda comprometéndose ampliar progresivamente o peso do parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, singularmente naqueles concellos cunha maior demanda non atendida, co obxecto de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, e apostando preferentemente polo réxime de alugamento.

Para poder acadar ese fin, un dos modos máis eficaces sería comezar por evitar a perda de máis vivenda con carácter social e adquirir aquelas vivendas en comunidades ou edificacións que con proteccións oficial, tal que puidesen pasar a formar parte do parque público, como un activo máis, para dedicalas a cumprir coa finalidade social, preferentemente alugándoas a familias de alta vulnerabilidade.

Así como nalgunhas comunidades autónomas ou concellos, os seus gobernos venderon vivendas sociais aos denominados fondos voire, noutras, como o exemplo da Comunidade de Canarias, véñse de formalizar a compra de vivendas,



precisamente para evitar a situación de alta vulnerabilidade na que quedaban moitas das familias e a recuperación das mesmas para o parque de vivenda pública.

En Galicia, non parece que a Administración autonómica teña decidido optar por esta vía para fornecer o seu parque público de vivendas, pese a existir un número considerable de vivendas con algún tipo de protección, co perigo que elo supón de consentir transaccións especulativas, en lugar de ser adquiridas polo Goberno galego para aumentar o parque de vivendas sociais para poder contribuír a garantir o acceso á vivenda dos colectivos sociais máis vulnerables.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que política promove a Xunta de Galicia en relación á adquisición preferente polo dereito de tanteo e retracto de vivendas protexidas?
2. Cantos casos de compravenda se teñen comunicado dende o ano 2012 de vivendas con protección vixente?
3. En cantos casos se exerceu ese dereito?
4. Realízase algún tipo de seguimento das edificacións antes da súa descualificación da protección oficial?
5. Conta a Xunta de Galicia, con algún tipo de mecanismo para seguir os casos de cada un das persoas arrendatarias logo dos cambios de propiedade das edificacións con vivendas protexidas?
6. Que previsións concretas e cuantificadas contempla o Goberno galego para exercer o dereito de tanteo e retracto na compra de vivendas protexidas para incorporalas ó parque público de vivenda de Galicia no ano 2019 e 2020?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/02/2019 14:06:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/02/2019 14:07:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2019 14:07:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A vida das mulleres está atravesada polas desigualdades e as violencias en todos os ámbitos da súa vida. No que vai de ano, aconteceron máis de dez feminicidios.

No mercado laboral as mulleres continúan a ser as máis precarias, as que teñen maioritariamente os empregos a tempo parcial e as que cobran moito menos. A fenda salarial pasou dun 26,5% no ano 2014, ata un 30% na actualidade.

Ademais o traballo de coidados está moi lonxe de ter un reparto equitativo. As mulleres realizan moitas horas de traballo de maneira totalmente gratuíta e invisibilizada. As políticas de conciliación están sendo totalmente insuficientes, así o amosan os datos que acerca das excedencias por coidados, onde se comprobán que case a totalidade destas son collidas polas mulleres.

Este reparto desigual comeza no momento do nacemento ou adopción das crianzas, xa que os permisos de maternidade e paternidade están lonxe de equipararse.





Ademais, as políticas dos últimos anos de recortes en sanidade, servizos sociais, educación, e dependencia, repercutiron moi negativamente na vida das mulleres, aumentando a carga deste traballo gratuíto.

Os dereitos sexuais e reprodutivos continúan sen respectarse. Recentemente coñeciamos que Galicia está a cola na ratio de matronas, contando con pouco máis de 300 matronas no sistema público, con apenas 0,12 por cada 1000 persoas, cando a media española se sitúa en 0,18. Este é un exemplo que evidencia o desleixo da Xunta de Galicia na atención ás mulleres.

Por todo iso, un ano máis, este 8 de Marzo terá lugar unha folga feminista. Pararanse os coidados, o emprego, o consumo e a vida estudantil e asociativa.

Para reclamar unha vida en liberdade, sen medos, e sen retroceso nos dereitos das mulleres.

Na xornada histórica do 8 de marzo do ano pasado a Xunta de Galicia obstaculizou, de maneira consciente, o libre exercicio do dereito a folga. Os servizos mínimos decretados foron abusivos e esaxerados, sen que responderan a ningún criterio racional, a non ser o de boicotear ao feminismo galego.

Vulnerou este dereito, a lo menos, no centro de emerxencias 112, no Parque das Illas Atlánticas e na CRTVG. Algo totalmente intolerable e do que debe facer autocrítica.

Polo exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Interpelación:

1. Vai o Goberno galego respectar e apoiar a folga feminista do próximo 8 de Marzo?





2. Apoian as reivindicacións expresadas polo movemento feminista na folga do 8 de Marzo?

3. Como valoran as decisións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que consideraron inxustificadas os servizos mínimos decretados pola Xunta de Galicia en varios departamentos na folga feminista de 2018?

4. Que medidas levou adiante neste último ano para cumprir coas reivindicacións das mulleres expresadas nas rúas o pasado 8 de Marzo?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 16:51:45

Marcos Cal Ogando na data 14/02/2019 16:51:54



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

